

CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA

PLAN XERAL ANUAL

CURSO 2024-2025

Índice

1 DATOS DO CENTRO.....	3
2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE O CENTRO SE PROPÓN PARA O CURSO ACADÉMICO.....	6
3 MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER.....	8
4 RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.....	9
5 CONCRECIÓN ANUAL E MODIFICACIÓN DO PE.....	11
6 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE.....	12
7 CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	13
8 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	16
9 PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	18
10 XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....	19
11 QUENDAS DE GARDAS DO PROFESORADO.....	21
12 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.....	22
13 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	23
14 PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	31
15 ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	32
16 PROGRAMAS E ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA O FOMENTO DA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	35
17 LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS POLO CENTRO.....	37
18 PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	38
19 PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	50
20 PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	51
21 HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DO PERSOAL DA SECRETARIA E DO EQUIPO DIRECTIVO.....	54
22 PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.....	55
23 PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.....	58
24 PLAN DE TRABALLO COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA.....	62
25 REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR.....	66
26 PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	67
27 PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	69
28 PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	70
29 ANEXOS.....	77

1 DATOS DO CENTRO

1.1. Datos legais do centro

- **Nome do centro:** Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Carnota, *CEIP Plurilingüe de Carnota*
- **Domicilio:** Praza de San Gregorio nº 20 C.P.: 15293 Carnota. A Coruña
- **Teléfono 881866795-881866796 Fax:** 881866797
- **E-mail:** ceip.carnota@edu.xunta.es
- **Código de zona:** 150368
- **Código de centro:** 15002761
- **Número de unidades:** segundo catálogo 8 (2 de EI e 6 de EP), aínda que no presente curso habilitouse unha unidade máis en EI.
- **Postos de traballo:** 16 (1 itinerante con base noutro centro).
- **Matrícula:** 121

1.2. Entorno

O ámbito xeográfico do colexio comprende a zona centro e sur do Concello de Carnota. Dito concello ten unha superficie de 70,90 km², formando parte da comarca de Muros.

Xeograficamente falando, non se podería definir Carnota cun só termo, xa que podemos determinar tres zonas claramente diferenciadas que repercuten nas condicións de vida dos seus habitantes. Dunha banda, existe unha zona montañosa con alturas que superan os cincocentos metros; un extenso val rodeado, por un lado pola montaña referida e, polo outro, por unha praia ben coñecida en toda a Galicia e, por último, pequenos núcleos urbanos espallados polo Concello.

A poboación do concello xira ao redor dos 3845 habitantes, segundo datos para o 2022.

A actividade mariñeira é unha compoñente da base económica, contando con mariñeiros e mariscadoras, así como se ve complementada cunha agricultura repartida en pequenas explotacións agrarias, traballadas a tempo parcial e polos recursos que proveñen da emigración. Conta tamén cun pequeno sector industrial, relacionado cos recursos marítimos en forma dunha pequena industria conserveira e dúas piscifactorías de rodaballo (Lira e Quilmas).

O sector servizos está cobrando unha importancia crecente, debido ao auxe que vai tomando o turismo de verán na comarca.

Demograficamente, toda a zona está afectada por un descenso no número de habitantes causado tanto pola baixa natalidade, como, sobre todo, pola emigración que afecta fundamentalmente á poboación en idade laboral.

1.3. Infraestrutura e equipamento

O recinto escolar está formado por un edificio principal que reúne a maior parte das aulas, oficinas, sala de mestres, titorías, biblioteca e salón de actos.

Como edificios anexos ao recinto consta dun que acolle o ximnasio e tres aulas; a antiga vivenda do conserxe (fóra de uso); un almacén e uns aseos exteriores (actualmente tamén fóra de uso). Tamén se conta cun polideportivo, cedido polo concello para uso das actividades diarias do centro dentro do horario escolar, sito fóra do recinto escolar polo que, para acceder a el, é necesario facer un percorrido por fóra, non chegando a utilizarse moito dada a climatoloxía dos últimos cursos.

O patio divídese en tres zonas, unha pequena descuberta na que se cambiou o chan por cemento e se cubriu un pedazo con caucho (a zona onde están situados os diferentes xogos cun pequeno parque infantil). Separouse, ademais, o areeiro cun pequeno tabique para que non invada a zona do caucho. As outras dúas zonas forman o patio utilizado polos alumnos e alumnas de Educación Primaria que se divide nunha zona cuberta (co piso de formigón) e outra asfaltada (descuberta).

A construción do edificio principal data do ano 1974, recibindo en anos sucesivos varias melloras.

1.4. Carencias e necesidades

1.4.1. De infraestrutura

- Necesidade de substitución das varandas das escaleiras e dos corredores do centro.
- Arranxo, limpeza e pintado das paredes exteriores e o teito do patio cuberto, así como a limpeza das canles de recollida de augas no patio cuberto.
- Necesidade de cambio dos canalóns que están no segundo patio cuberto.

- Arranxo de ventás e persianas do centro (foron cambiadas no curso 1987/1988).
- Solución de problemas de impermeabilidade en zonas do centro.
- Deterioro do firme do patio na zona onde está soterrada a fosa séptica que afecta ao peche perimetral do recinto nesa zona con perigo de derrumbe, posiblemente por filtración da propia fosa. O firme presenta gretas de dimensións considerables onde podería entrar o pé dun neno ou nena. A zona queda valizada mentres non se amaíne.
- Conexión á rede de saneamento das augas residuais.
- Comprobación da canalización de pluviais xa que se sospeita que as conduccións soterradas poidan filtrar auga por baixo das instalacións, a pesares de xa ter identificados os puntos de evacuación.

1.4.2. De equipamento

- Dotación de estanterías para documentación académica relativa ás avaliacións.
- Material diverso para aulas.

1.4.3. De revisións

- Revisións técnicas da instalación térmica, tanto da caldeira como do depósito de combustible, dado que non consta que fosen realizadas nos prazos estipulados na lexislación.
- Revisión OCA da instalación eléctrica ao rematar a vixencia da anterior revisión.

2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE O CENTRO SE PROPÓN PARA O CURSO ACADÉMICO

Os obxectivos coinciden cos principios básicos da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación*, así como coa *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, que modifica algúns de ditos principios, así como engade novos parágrafos. Estes pódense resumir en:

- Calidade de educación para todos as alumnas e alumnos.
- Garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. (Especial atención á diversidade)
- Compartir esforzos por todos os que formamos a comunidade educativa do centro.

Como obxectivos a desenvolver neste curso de maneira máis específica:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos.
- Desenvolver no alumnado hábitos de convivencia democrática, pacífica e de respecto polo pluralismo social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal,...
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, e a igualdade de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de maneira adecuada a lingua galega, lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Mellorar a competencia lectoescritora a través do Proxecto Lingüístico e o Proxecto Lector; a participación no Plan de Mellora da Biblioteca contribuirá tamén á consecución deste obxectivo.
- Adquirir competencia comunicativa lingüística nunha lingua estranxeira, que lle permita comprender e expresar mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos (no ámbito familiar, escolar e grupos sociais cos que se relaciona).
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas a resolver con operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- Proporcionar ao alumnado unha educación que desenvolva as súas capacidades de observación, análise, crítica e investigación.
- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galegas.
- Inculcar no alumnado o amor e respecto pola natureza, así como hábitos para a súa conservación.
- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na comunidade autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Favorecer a utilización das novas tecnoloxías por parte de toda a comunidade educativa.
- Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento, incorporando diferentes habilidades que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Fomentar no alumnado hábitos de vida saudables.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas.
- Valorar a corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3 MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER

As medidas a desenvolver durante o presente curso son:

- **Actividades que se realizarán dentro da aula.**
- **Actividades que se levarán a cabo dentro do recinto escolar, e fóra da aula.**
Estas actividades poderán organizarse para un ou varios niveis:
 - Proxeccións de documentais, vídeos, películas,...
 - Participación en festivais, actuacións teatrais e conmemoracións. Presentación de libros, entrevistas con autores, visitas de escritores e ilustradores,...
 - Actividades en colaboración co Concello e con asociacións culturais ou veciñais segundo a oferta das mesmas.
 - Simulacros de evacuación.
 - Actividades en colaboración coa ANPA.
- **Actividades a desenvolver na contorna próxima:**
 - Saídas didácticas e visitas que teñen lugar no propio Concello.
 - Actividades fóra do Concello.
- **Participación nos programas promovidos dende o Concello de Carnota.**
- **Colaboración co IES Lamas de Castelo e co CEIP do Pindo.**
- **Participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.**
- **Participación no Programa Deporte Escolar.**

4 RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

Os recursos que se empregarán para a consecución dos obxectivos e para a realización das diferentes actividades serán de tres tipos:

4.1. Recursos Humanos

- Equipo directivo, co horario establecido no ROC.
- Mestres titores, co horario lectivo vixente.
- Mestres especialistas, co horario lectivo vixente.
- Coordinadora de 2º Ciclo de Educación Infantil e coordinadores de ciclo en Educación Primaria.
- Coordinadores dos diferentes equipos.
- Departamento de Orientación (co horario lectivo vixente).
- 1 coidadora.
- As entidades colaboradoras para levar a cabo os diferentes plans.

4.2. Recursos Materiais

- Proxecto Educativo do Centro.
- Programación Xeral Anual.
- Proxecto anual.
- Programas educativos: PROA+, solicitado no presente curso.
- Plan Dixital do Centro.
- Lexislación Vixente.
- Proxecto lingüístico.
- Proxecto Lector.
- Plan de Convivencia.
- NOFC.
- Plan de Autoprotección.
- Plan de Mellora de Bibliotecas escolares.
- Programas informáticos.
- Páxina web do centro, aulas virtuais,...
- Abalar Móbil.
- Programa Eva-Edixgal.

- Materiais de aula utilizados por especialistas cos seus recursos específicos (música, PT, AL, TICs, E. Física...).

4.3. Recursos Organizativos

- Aula ordinaria (titorías).
- Aulas dos especialistas.
- Aula de convivencia.
- Aula de TICs.
- Biblioteca.
- Patio de recreo.
- Salón de actos.
- Polideportivo Municipal, solicitado o uso en horario escolar.
- Instalacións e recursos doutras entidades colaboradoras (transporte, coidadoras de autobús, museos,...).

5 CONCRECIÓN ANUAL E MODIFICACIÓN DO PE

A concreción da programación xeral do centro axústase ao PE (Proxecto Educativo) que foi revisado e adaptado no curso 2018/19, sendo aprobado o día 27 de maio de 2019. No presente curso continuarase coa revisión do PE así como outros documentos que foron modificados parcialmente nos cursos pasados e que forman parte do propio PE (NOFC, Plan de Convivencia) e incluíranse aqueles que se foron elaborando e anexando nas memorias do curso pasado (Plan de Mellora, Plan de Comunicación do Centro).

6 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Este apartado desenvólvese no documento específico que se anexa, onde se especifican tanto os recursos como as estratexias metodolóxicas de atención ao alumnado con NEE e NEAE, elaborado desde o Departamento de Orientación:

ANEXO XV: PLAN XERAL ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

7 CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

7.1. Elementos persoais

7.1.1. Profesorado

O noso centro conta cos seguintes mestres:

Titores	9
AL (de atención preferente)	1
PT	1
Inglés	1
Francés (exerce como titora)	
E.F.	1
D. Orientación, compartido co CEIP do Pindo	1
E. Musical	1
Relixión católica-Itinerante procedente do CEIP de Vilarmide	1

Durante este curso académico, o noso centro conta cun total de 9 unidades, 6 unidades corresponden a Educación Primaria e 3 corresponden a Educación Infantil, cun total de 16 mestres/as, (e pendentos da participación no Programa Proa +), sendo itinerante a mestra de Relixión católica con centro base no CEIP de Vilarmide-Eduardo Noya, e a xefa do DO que tamén atende ao CEIP do Pindo.

Para a atención ao alumnado do centro con NEAE, varios mestres/as titores e especialistas adscritos ao ciclo, no presente curso, vemos limitadas as opcións ao non dispoñer o profesorado de horas dispoñibles, quedando a adopción de medidas na dispoñibilidade do profesorado especialista de PT e AL, na espera de ser seleccionados na convocatoria do Programa de Éxito Educativo Proa+.

Horario do profesorado

O horario dos mestres durante o curso 2024/2025 é o horario oficial de Educación Primaria e Educación Infantil, atendendo ao acordo asinado entre a Consellería e parte dos sindicatos.

O profesorado permanecerá no centro 28 horas semanais que se reparten da seguinte maneira:

23 lectivas: 23 de docencia. Parte do profesorado non itinerante realizará, ademais, gardas de alumnado transportado, ben de 9:30 a 9:45 ou de 14:45 a 15:00. Terán a conside-

ración de horas lectivas e serán compensadas con horas de libre disposición dentro do horario lectivo atendendo ao tempo acumulado na semana.

No horario de obrigada permanencia, 5 horas realizaranse polas tardes. Os luns todo o profesorado estará no centro de 16:30 a 18:30, organizadas do seguinte xeito:

- O luns de 16:30 h. a 17:30 h. reunións de ciclo, de nivel e equipos.
- O luns de 17:30 h. a 18:30 h. horario de atención a pais/nais.

De martes a xoves, de 16:30 a 18:30, quedan asignados os distintos equipos para reunións dos membros agás que coincidan con xuntas de avaliación, actividades de formación do profesorado ou saídas didácticas. Os equipos quedan distribuídos do seguinte xeito:

- Os martes reuniranse o equipo de biblioteca e o de TIC.
- Os mércores, os membros do equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Os xoves, o equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Atendendo a formación a desenvolver, esta incluirá:

Participación en grupos de traballo, proxectos de formación dentro do horario de permanencia das tardes, actividades para o fomento da lectura dende a biblioteca e cursos organizados polo CAFI, tanto presencias como on-line.

En caso de que algunha semana sexa preciso a asistencia a máis das dúas tardes fixas, poderán establecerse quendas nas semanas seguintes para recuperar as horas de tal xeito que o cómputo mensual das horas non exceda das 28 por semana (de igual xeito que se poderán compensar as que non se realicen para que non consten como ausencias).

Os venres realizarase unha garda por un membro do claustro de 16:30 a 18:30 garantindo a apertura do centro pola tarde.

7.1.2. Alumnado

Alumnado de EP- Durante este curso, no centro hai unha aula para cada nivel educativo de cada ciclo.

Alumnado de EI- Na etapa de Educación Infantil contamos con tres aulas, unha por nivel grazas a habilitación dunha unidade de Educación Infantil.

No centro, neste curso escolar hai un total de 121 alumnos e alumnas repartidos da seguinte maneira:

INFANTIL E PRIMARIA			
Educación infantil		Alumnado	Grupos
	3 anos	9	A
	4 anos	8	A
	5 anos	15	A
Totais de educación infantil		32	
Educación primaria	1º	13	A
	2º	21	A
	3º	19	A
	4º	13	A
	5º	11	A
	6º	13	A
Totais de educación primaria		90	
Total xeral		122	

MATRÍCULA 2024/25									
Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A nenos	2	4	8	8	10	9	7	6	5
B nenas	7	4	7	5	11	10	6	5	8
TOTAIS	9	8	15	13	21	19	13	11	13

8 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

- *Claustro de profesores:*

É o órgano pedagóxico supremo do Centro, e as súas competencias veñen recollidas no capítulo III, sección 2ª, artigo 129 da *LOE*.

Participa, así mesmo, de responsabilidade de goberno e xestión, a través dos seus representantes no Consello Escolar.

Co obxecto de facilitar a presentación de propostas, fixar criterios e aprobación e avaliación de todo o relativo a aspectos docentes, cremos no ciclo como canle axeitado para unha información e debates previos, sempre considerando que as decisións se toman no Claustro co voto individual dos seus compoñentes.

Para cumprir estas funcións o Claustro reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director/a ou o solicite un terzo, ao menos de seus membros. As reunións poderán ser presenciais ou telemáticas, e na medida do posible, adiantarase a información e asuntos a tratar previamente.

Facilitarase aos membros o acceso a toda información dispoñible sobre a orde do día. Así mesmo, informarase, en cada reunión, dos acordos do Consello Escolar e das comunicacións máis relevantes recibidas e enviadas.

- *Consello Escolar:*

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, capítulo III, sección 1ª da *LOE* (art.126), modificado pola *LOMLOE* no seu artigo único, apartado sesenta e oito.

O Consello Escolar reunirse sempre que haxa temas a tratar e, ao menos, unha vez ao trimestre, podendo realizarse de xeito telemático, para o que se adiantará a información e orde do día para que se poidan facer achegas, emitir votos e opinións que se concretarán na proposta de acta que recibirán os membros para estudo e que se aprobará antes de emitir e asinar a acta.

No seo do mesmo, funcionarán con carácter permanente o Observatorio da convivencia escolar, a Comisión Económica e a Comisión da biblioteca.

O Secretario/a presentará o estado de contas en xaneiro ao Consello Escolar, informando previamente do mesmo ao Claustro de Profesores.

- Comisión da convivencia:

O seu obxectivo é traballar a convivencia e os valores cívicos e democráticos. Está composta polos seguintes membros:

- O director.
- Unha mestra como responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real efectiva entre homes e mulleres (art. 126.2 da *LOE*).
- A orientadora.
- Un representante de profesores/as.
- Persoal non docente (non hai representación).
- Unha representante de pais/nais.
- Os titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.

Esta comisión reuniranse as veces que se establecen na normativa legal (tres reunións, unha por trimestre de carácter ordinario, e con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario para realizar as funcións que a normativa lle encomenda). Así mesmo, as súas funcións serán:

- Dinamizar o Plan de Convivencia.
- Elaborar un informe anual.
- Elaborar un informe trimestral para o Consello Escolar.
- Coordinar actuacións conxuntas para mellorar o clima de convivencia.
- Propoñer medidas á Administración.

No presente curso realizarase a convocatoria de eleccións para a renovación parcial.

9 PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

A dirección, xefatura de estudos e secretaría constitúen o Equipo Directivo coas competencias que lles outorga a normativa legal en materia de educación.

O equipo directivo está constituído por:

- Director.
- Xefa de Estudos.
- Secretaria.

Con respecto aos criterios de actuación:

As decisións do E. Directivo asúmense de maneira conxunta, o que non contradí o que cada membro do equipo se responsabilice, por cuestións de operatividade, de tarefas e campos concretos. Se ben o funcionamento do colexio ten que aterse á normativa vixente, tanto externa (senalada no marco legal) como interna (NOFC), o principio de democracia que debe impregnar todas as nosas actuacións supón que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do centro: Consello Escolar, Claustro, Comisión de coordinación pedagóxica e ciclos, ata esgotar todas as posibilidades de acordo e consenso.

Así mesmo, poranse todos os medios económicos e administrativos do centro ao servizo da súa finalidade esencial, que é a educación integral do alumnado; así como se impulsarán traballos e proxectos creativos, tanto a nivel colectivo como individual.

O equipo directivo establecerá dentro do seu horario de dedicación ao cargo, unhas **horas de atención preferente** aos membros da comunidade educativa, e desde o centro facilitarase un **formulario** para a solicitude de documentación, reunións con algún membro do equipo directivo ou información, coa fin de axilizar os trámites e garantir a atención educativa dos membros do equipo. A atención será preferentemente por teléfono, correo electrónico ou presencial, previa cita por parte do/a interesado/a.

Lamentablemente, no presente curso foi imposible cadrar no horario presencial un momento para levar a cabo a coordinación do equipo directivo como en cursos pasados debido á nova situación derivada do acordo sobre horarios de permanencia.

10 XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

O horario durante o curso 2024/25 é o horario oficial de Educación Primaria e Educación Infantil.

Cóntase con xornada continuada en horario de 9.45 a 14.45, dividida en cinco sesións de 50 minutos para o tratamento das áreas, cun recreo de 25 minutos de 12.15 a 12.40 horas e unha sesión denominada **hora de ler-proxecto anual**, segundo o proxecto lector do centro, de 25 minutos, de 12:40 a 13:05 (no que se aproveitará para o aseo, merenda e lectura, tanto de libros impresos, como na PDI, así como o desenvolvemento de distintas actividades para o desenvolvemento do proxecto lector do centro ben formuladas polos titores, especialistas,... como as propostas polo equipo de biblioteca de centro). Recreo e hora de Ler son distintas en función dos grupos, ocupándose os espazos comúns en dúas quendas en Primaria e en EI, coa fin de garantir que o alumnado dispoña de espazo cuberto suficiente para o tempo do recreo no exterior.

O colexio ten horario de xornada continuada de luns a venres. As portas abríranse ás 9:30 para o que se establecen gardas de atención ao alumnado transportado que tamén se encargará do alumnado non transportado que xa chegue ao centro coa fin de facilitar a conciliación familiar e evitar aglomeración de vehículos nas inmediacións do centro que adoitan dificultar o tráfico viario, especialmente o dos vehículos do transporte escolar.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 a 9:45	Atención alumnado entradas				
9:45 a 10:35					
10:35 a 11:25					
11:25 a 12:15					
12:15 a 12:40	RECREO / HORA DE LER - PROXECTO ANUAL DO CENTRO				
12:40 a 13:05	HORA DE LER/ RECREO - PROXECTO ANUAL DO CENTRO				
13:05 a 13:55					
13:55 a 14:45					
14:45 a 15:00	Atención alumnado saídas				

Solicitud de días non lectivos:

Este curso, o centro propón como días non lectivos por razóns pedagóxicas e de conciliación da vida familiar o **4 de novembro de 2024** e o **2 de maio de 2025**.

Acceso ao centro do alumnado:

No presente curso, o alumnado transportado entrará ao centro pola entrada principal, que se abrirá despois das 9:30, segundo a orde de chegada dos buses. O alumnado non transportado entrará polo portalón de acceso que hai entre os dous edificios, entrando ao interior pola porta da chamada aula de paso. Estableceranse quendas de atención ao alumnado transportado no patio e nos accesos ao centro e na aula de paso para o alumnado de EI.

As saídas realizaranse a partir do toque de serea (música). En primeiro lugar, sairá o alumnado non transportado de EI e EP pola porta de acceso (aula de paso) e despois o alumnado transportado pola porta principal, atendendo primeiro á saída do alumnado de EI que o fará a cargo das coidadoras do Transporte Escolar e posteriormente o alumnado de EP que sairá seguindo a orde de buses: Lariño, Lira e San Mamede (poderá variarse de producirse atrasos na chegada dalgún dos buses) atendendo as indicacións do profesorado de garda no corredor-entrada.

As gardas de recreo realizaranse en días da semana fixos, atendendo a atención do alumnado no espazo asignado segundo establece a xefatura de estudos e tal e como figura nos horarios anexados a esta PXA.

11 QUENDAS DE GARDAS DO PROFESORADO

Estas gardas realizaranse diariamente polos membros do grupo que corresponda.

O profesorado de garda atoparase no espazo correspondente ao comezo da garda e ate o remate da mesma.

Se algún dos mestres de garda, falta ese día, o substituirá o mestre asignado á mesma zona, e de non ser posible, será o xefe de estudos o que indique a persoa que ten que substituír despois de revisar a lista de gardas.

11.1. Quendas de entrada e saídas

O profesorado de garda atoparase no espazo correspondente ás 9:30 minutos e na saída ata as 15:00 horas ou ata que o alumnado transportado suba ao transporte e o non transportado fose recollido. Estas gardas de custodia do alumnado transportado teñen a consideración de horario lectivo sendo compensadas no horario lectivo cunha garda de libre disposición fixa. Atenderanse distintos espazos comúns (accesos e corredor). Estas quendas de gardas de entrada e saída poranse nun cadro na sala de mestres. O cadro reflíctese no **anexo III**.

11.2. Gardas de extraescolares e de biblioteca

Fíxanse de acordo co horario de reunións dos distintos equipos os martes, mércores e xoves (coincidindo co calendario de reunións dos distintos equipos) e no horario de garda rotativo dos venres.

11.3. Quendas e gardas de recreo

Establécense atendendo sempre a manter un docente como mínimo por cada 50 alumnos/as, non podendo nunca deixar só ao alumnado e observando a maior dilixencia na vixilancia do mesmo. A súa organización atópase no **anexo III**.

12 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

As reunións destes órganos terán como obxectivos primordiais os seguintes:

- Unificar criterios e elaborar probas específicas de avaliación.
- Homoxeneizar os programas dos diferentes niveis.
- Consensuar decisións educativas e actividades que se levarán a cabo dentro de cada ciclo.
- Coordinar as actividades a realizar dentro do ciclo.
- Debater as propostas que realice a C.C.P. sobre aspectos a traballar ou tratar dentro de cada ciclo.

Fíxase como días de reunión os primeiros luns de 16:30 a 17:30, ou extraordinariamente cando sexa urxente.

13 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

CALENDARIO REUNIÓNS CURSO 2024/2025

	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M					
S						1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
O	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31				
N				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30		
D				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
X	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31				
F				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29			
M				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
A	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30					
M		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31			
X				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30		

Claustros CCP	Coordinación equipos	Reunión equipos de ciclo	Tarefas coordinadas Documentos Formación	Avaliacións	Festivos Vacacións Non lectivos

Festivos propostos polo centro: Luns 4 de novembro de 2024 e venres 2 de maio de 2025.

- 1º Luns do mes: Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustros.
- 2º Luns do mes: Reunións de coordinación de equipos (coordinación de actividades do proxecto do centro).

- 3º Luns do mes: Reunións de equipos de ciclo.
- 4º Luns do mes: Reunións sobre actualización de documentos do centro (Proxectos, PEC, NOFs,...) e cuestións de formación e actualización.

As xuntas de avaliación fíxanse atendendo á proximidade do remate do trimestre, preferentemente nos luns e outro día da semana segundo a proposta, ou tendo en conta do remate do trimestre non antes dos venres, mércores e xoves da semana anterior (podendo ser modificada por acordo de claustro tras proposta da CCP), agás as sesións da avaliación ordinaria que terá lugar o luns 24 de xuño.

13.1. Equipos docentes

13.1.1. Educación infantil

Coordinadora:

- Titora de 5º Educación Infantil

Membros:

- Titora de 6º Educación Infantil
- Titora de 4º Educación Infantil

Ademais das titoras, tamén imparte docencia o mestre especialista de inglés, a mestra de 3º de EP (psicomotricidade e horas de secretaría), a mestra de relixión e o especialista de música. Xunto a elo, cóntase cun programa de estimulación da linguaxe enmarcado dentro do programa PROA+ impartido polo profesorado do Departamento de Orientación.

As reunións do equipo terán lugar o terceiro luns de cada mes segundo o calendario de reunións establecido ao inicio de curso.

13.1.2. Educación primaria

En aplicación da *LOMLOE*, reaparecen os equipos de ciclo, pero organizativamente, consideramos que ao quedar formados por pouco profesorado, serán os titores os responsables das propostas para o seu grupo. Ditos titores, ao igual que especialistas e profesorado de EI, intégranse no resto de Equipos docentes, e participarán nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

1º CICLO DE E. PRIMARIA:

Coordinadora: Titora de 1º de EP.

1º NIVEL

Escolariza 13 alumnos e alumnas, incluíndo alumnado NEAE que recibirá apoio de AL e PT fóra da aula, dentro das posibilidades. Despois da avaliación inicial e valoración segundo as propostas do curso anterior, valorárase co DO outras medidas. Neste nivel, está implantado o plurilingüismo na área de Educación Plástica e Visual.

2º NIVEL

Escolariza 21 alumnos/as. Tamén conta con alumnado NEE (2 casos) que recibirán atención de AL e PT fóra da aula. Foi imposible facer desdobres neste grupo con tanta diversidade e tan numeroso, a pesares de figurar nas propostas de mellora da memoria do curso 2023/24.

Neste nivel está implantado o plurilingüismo na área de Educación Plástica e Visual.

2º CICLO DE E. PRIMARIA:

Coordinador: Especialista de Educación Musical e Danza.

3º NIVEL

Escolariza 18 alumnos e alumnas, un deles con NEE, atendido por PT e AL nalgúnhas sesións.

Neste nivel está implantado o plurilingüismo na área de Educación Plástica e Visual.

4º NIVEL

Escolariza 13 alumnos e alumnas, un deles incorporado no presente curso procedente dun sistema educativo estranxeiro distinto, que necesitará reforzos.

Neste nivel está implantado o plurilingüismo na área de Educación Artística – Plástica.

3º CICLO DE E.PRIMARIA:

Coordinadora: titora de 6º de EP

5º NIVEL

Escolariza 11 alumnos e alumnas. Este grupo participa no programa EDIXGAL.

Neste nivel está implantado o plurilingüismo na área de Educación Artística – Plástica.

6º NIVEL

Escolariza 13 alumnos e alumnas. Este grupo participa no programa EDIXGAL. Un alumno repetidor e para o que se elaborarán ACIs nalgunhas materias e unha nena de nova incorporación ao centro.

Neste nivel está implantado o plurilingüismo na área de Educación Artística – Plástica.

En Educación Primaria, quedamos á espera da resolución da convocatoria dos Programas de Éxito Educativo, en concreto o PROA +, dado que será un recurso para os reforzos necesarios nesta etapa.

13.2. CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica)

A Comisión de Coordinación Pedagóxica está integrada, alomenos, polos seguintes membros:

Presidente, o director
Xefa de Estudos, coordinadora do Plan dixital do centro, e titora de 6º e coordinadora de 3º ciclo
Xefa D.O.,coordinadora de Benestar Emocional e responsable de Formación
Coordª. E.I.
Mestra titora de 1º E.P. (coordinadora de 1º ciclo)
Mestre especialista de EDM (coordinador 2º ciclo)
Mestra Titora de 6º E.P. (responsable EDIXGAL)
Coordinador Equipo de actividades extraescolares e complementarias
Profesor de PT e coordinadora EDLG
Profesora AL
Mestra titora de 4º de EI, secretaria e coordinadora de Biblioteca

As súas reunións periódicas mensuais (haberá unha sesión extraordinaria ao comezo de curso), celebraranse os luns que se precisen de 16:30 a 17:30. Dada que se trata dun centro pequeno, nas reunións, na medida do posible, participará todo o profesorado presente no centro, atendendo a buscar unha información directa e a participación activa deste. Organizativamente, procurarase que as reunións sexan con todo o claustro presente nos primeiros luns de cada mes.

A Comisión Pedagóxica é un órgano de coordinación, polo tanto, non ten a función de aprobar ou supervisar, senón propoñer e coordinar procesos; presenta pois, un papel dinamizador.

Os seus **Obxectivos** prioritarios serán:

- Propoñer ao Claustro criterios para a elaboración dos proxectos curriculares e velar para que estes se realicen conforme aos criterios establecidos polo Claustro.
- Asegurar a coherencia entre PE, CC e PXA.
- Establecer directrices para a elaboración das Programacións didácticas.
- Elaborar as listas dos/as alumnos/as.
- Propoñer aos mestres que han de formar parte de E.D.L.G. e tamén ao responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Ademais das funcións que legalmente se establecen na normativa vixente: Capítulo II, artigos 61 e 62 do *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*.

13.3. EQUIPO DE EDLG

Para potenciar o uso da lingua galega constitúese no centro o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, constituído polos seguintes membros: Titora de 4º de EP, titora de 6º de EI, titora de 5º de EI e a docente especialista de PT (coordinadora). Desenvólvese o plan de actuación no apartado 16 deste documento.

Este equipo reúnese os mércores de cada semana para organizar as actividades a realizar no centro e que son competencia do equipo de dinamización, así como deseñar as actividades do proxecto elixido anualmente polo centro, neste curso, relacionadas co proxecto "Aprendemos xogando".

Poderán incorporarse ao traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

13.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este equipo está conformado pola titora de 2º de Educación primaria (coordinadora), mestra especialista de AL e mestre especialista de lingua estranxeira, inglés.

As reunións do equipo realizaranse os xoves. Dito calendario de reunións e o plan de traballo foi fixado na primeira reunión do equipo.

13.5. EQUIPO DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca está constituído neste curso polos seguintes membros: titora de 4º de EI (coordinadora), titora de 1º de EP, titora de 3º de EP e titora de 5º de EP.

Este equipo reúnese os martes para organizar as actividades, organizar a biblioteca do centro e participar na elaboración do proxecto elixido anualmente. Este curso denomínase, concretamente, "Aprendemos xogando" e ten como centro de interese o xogo na súa versión máis ampla. A elección deste xorde da importancia de entendelo como unha actividade esencial no desenvolvemento dos nenos/as, xa que a súa relevancia vai máis alá que o sinxelo entretemento. No contexto educativo, o xogo eríxese como unha ferramenta poderosa que promove a aprendizaxe integral e o desenvolvemento das competencias claves nos nosos alumnos/as.

Asemade, neste curso, seguirase coa "Hora de Ler" debido as deficiencias en comprensión lectora de parte do noso alumnado e tendo en conta a mellora obtida nesta disciplina, asemade neste período desenvolveranse distintas actividades do citado proxecto.

Outro aspecto co cal continuamos é coa nosa mascota Leocadia para facer chegar ao alumnado toda a información sobre as actividades relacionadas co proxecto e tamén das demais actividades programadas. Así mesmo, empregarase a web do centro para subir información relacionada coa biblioteca, así como diversas actividades a realizar, como son pasapalabras, encrucillados,...

Ademais das celebracións anuais organizadas polo centro, o equipo de biblioteca programa as seguintes actividades:

- Día das Bibliotecas escolares (24 de outubro). Este día abriremos a biblioteca escolar á toda a comunidade educativa, incluíndo os períodos de recreo a todo o alumnado. Estará a biblioteca moi ben ordenada; farase unha exposición de novidades; os exemplares informativos terán a nomenclatura da CDU máis grande, para favorecer a súa colocación; faremos unha exposición de libros relacionados co proxecto de centro, no corredor do centro; ademais de contar cuns contacontos por parte do alumnado.
- Samaín. Traballarase a temática do Samaín con taller de caretas e exposición de libros.

- Mes da ciencia en galego. Propoñeráse ás titorías realizar diversas exposicións durante a hora de ler para presentarllos aos compañeiros/as.
- Día Internacional contra a violencia de xénero. Programaranse actividades a nivel de centro.
- Nadal. Obradoiro de manualidades do Nadal con ambientación relacionada con esta festividade social.
- Día Escolar da non violencia e da paz. Preparación de mural voluntario.
- Día de Rosalía. Agardamos propostas do Concello ademais das que se poñan en marcha desde o centro.
- Semana da prensa. Achegarase ao alumnado a distintos formatos de xornal (dixital, impreso).
- Día da poesía.
- Semana do Libro. Celebrarase con diversas actividades a nivel de aula e de centro. Agardaremos a programación por parte do Concello.
- Semana das Letras Galegas. Traballarase o Cancioneiro Popular Galego a través de dinámicas de centro e por parte do Concello.
- Mochilas viaxeiras. Continuarase esta actividade. En cada unha das mochilas, haberá: un libro en galego, un en castelán, un de valores, unha libro informativo e un xogo, así como un folleto coas normas de uso e un caderno de valoración por parte da comunidade educativa.
- Padriños lectores. O alumnado de etapas superiores baixará a aulas de etapas máis baixas a lerlles contos, representar textos, recitar poesía...
- Contacontos no recreo e hora de ler. Dinamizaranse contacontos na biblioteca no que participará toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias...).
- Guías de lectura e de xogos didácticos, con recomendacións a familias e alumnado.
- Concurso literario "Mareando historias". Elaboración por parte do alumnado de texto literarios de diferentes estilos relacionados coa temática do proxecto anual de centro.
- Enigmas quincenais. Formularanse ó alumnado preguntas en torno á temática do proxecto coa colaboración das familias.
- Libros que alimentan. Realizarase unha doazón solidaria de produtos (alimentación, hixiene, limpeza...) a algunha organización sen ánimo de lucro (sen

determinar). Para fomentar esta iniciativa o alumnado participante recibirá como agradecemento algún libro dos fondos expurgados da biblioteca escolar.

O horario de biblioteca este curso será o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.45 a 10.35		P.C.			
10.35 a 11.25	P.C.	P.C.			4º E.I.
11.25 a 12.15	P.C.	P.C.		5º E.P.	
12.15 a 12.45	Recreo 1	Recreo 1	Recreo 1	Recreo 1	Recreo 1
12.45 a 13.05	Recreo 2	Recreo 2	Recreo 2	Recreo 2	Recreo 2
13.05 a 13.55	P.C.	P.C.	6º E.I.		1º E.P.
13.55 a 14.45	P.C.	P.C.	5º E.I.	6ºE.P	2º E.P

14 PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Dende a xefatura de estudos do centro promoverase a formación do profesorado en materia de innovación educativa, formación pedagóxica e perfeccionamento co obxectivo de que se reflicta esta formación no proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

O centro forma parte da Rede Galega de Centros Plurilingües, do PLAMBE, e nos cursos 5º e 6º de EP funciona EDIXGAL. Tamén presentou solicitude para o programa PROA +.

Manterase a todo o profesorado informado dos cursos, xornadas e congresos que se oferten dende a consellería de educación (CAFI) ou outras entidades.

No presente curso, o centro solicita un Proxecto de Formación no centro (PFPP) con dúas liñas de traballo, unha entorno aos Polos Creativos e outro atendendo á diversidade. Concretamente, desenvolverase un curso denominado "Patios inclusivos" e "Uso didáctico da radio escolar".

Ademais, o profesorado complementará a súa formación a través de distintas actividades de formación: cursos de formación dependentes do CAFI, cursos da plataforma PLATEGA, Escolas Oficiais de Idiomas, Facultades das Universidades e outros organismos que organicen actividades que complementen a formación profesional (sindicatos, federacións,...).

15 ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Seguindo o proxecto lingüístico do centro, realízase unha enquisa sobre a lingua dominante no alumnado de nova matrícula para 4º de EI:

15.1. Lingua materna predominante

Resultado da enquisa	Galego	X	Castelán	
4º EI	6		3	

O resultado da enquisa realizada aos pais e/ou nais do alumnado de 4º de Educación Infantil, realizada coa matrícula deste alumnado é o que segue:

Dun total de 9 alumnos e alumnas, nenos e nenas galego falantes_____66%, sendo a lingua vehicular do outro alumno no fogar o árabe.

Por tanto, a lingua materna predominante é o galego.

15.2. Estratexias e actividades de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral i escrita, o coñecemento das linguas oficiais

En canto ás dúas linguas oficiais, traballamos para que o noso alumnado teña un bo dominio tanto do galego como do castelán e cremos que en termos xerais, este obxectivo vímolos conseguindo, a pesares das carencias e dificultades que teñan en cuestións puntuais.

A nivel oral, o alumnado ten máis dificultade para manter unha conversa en castelán, pola contra, para ler libros, prefiren o castelán ao galego, pois neste último atopan maior dificultade.

Para adquirir destrezas orais e escritas nestas dúas linguas, existe un Proxecto Lector no centro que describe con detalle as actividades concretas a realizar por cada ciclo. Contamos ademais con actividades promovidas polo Equipo de Biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Departamento de Orientación encamiñadas a conseguir unha mellor competencia lingüística no noso alumnado.

En canto a estratexias a **nivel oral**, podemos puntualizar as seguintes:

O alumnado terá que mellorar na expresión oral para o que, o profesorado procurará ser máis esixente co vocabulario que utiliza o alumno ou alumna e tamén coidará o xeito da estrutura gramatical na súa expresión. Para elo:

- Teremos que evitar que utilicen linguaxe infantil e esixirémoslles que reflexionen cando argumenten as súas ideas.
- Adquisición de vocabulario nas dúas linguas oficiais.

Para conseguir isto, promoveremos actividades que melloren a competencia oral como:

- Actuacións nas celebracións e festivais (recitado de poesía, teatro,...).
- Actividades de animación á lectura (encontros con autores, sesións de contacontos, celebracións puntuais como o día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas...).
- Clubs de Lectura nos que o alumnado dos cursos 3º, 4º, 5º e 6º, moderados por un profesor/a falan libremente a partir dun libro común que len. Nas reunións quincenais expresan o que a lectura dese libro lles fixo pensar, sentir, as conclusións as que chegan,...

En canto as estratexias na **lingua escrita** destacar as seguintes:

- Estratexias para favorecer a lectura que é a base da escritura, postas en marcha polo Centro e recollidas no Proxecto Lector.
- Valoraremos a creación literaria espontánea e creativa do alumnado.
- Planificamos a lectura e a escritura como dous procesos independentes, pero paralelos e complementarios.
- Aproveitaremos as tecnoloxías avanzadas da información e os medios de comunicación de masas para integralas no noso currículo.

Para conseguir isto, promoveremos actividades que melloren a competencia escrita como:

- Actividades de formación de usuarios/as e educación documental organizadas pola Biblioteca Escolar.
- Proxecto Documental Integrado realizado a partir dun tema anual: "Aprendemos xogando".
- Concurso literario "XI Mareando historias" no que participa todo o alumnado do centro.

- Mochilas viaxeiras.
- Técnicas de estudo coordinadas polo Departamento de Orientación.

15.3. Modificacións na impartición de linguas estranxeiras

O noso centro forma parte da rede de centros Plurilingües de Galicia, en concreto na materia de Educación Plástica e Visual, no presente curso en toda a educación primaria, polo que a carga horaria das linguas en Educación Primaria será:

Curso	Lingua Galega	Lingua Castelá	Inglés	Total
1º	4LGL, 3CN, 2CS, 1REL-PC, 1 MD	4LCL, 5MAT, 2EF	1 EPV, 2 ING	25
2º	4LGL, 2CN, 3CS, 1REL-PC, 1 MD	4LCL, 5MAT, 2EF	1 EPV, 2 ING	25
3º	4LGL, 3CN, 2 CS, 1REL-PC, 1 MD	4LCL, 4MAT, 2EF,	3 ING, 1 EPV	25
4º	4LGL, 2CN, 3CS, 1REL-PC, 1 MD,	4LCL, 4MAT, 2EF	3 ING, 1 EPV	25
5º	4LGL, 3CN,2CS, 1REL-PC, 1 MD,	4LCL, 4MAT, 2EF	3 ING, 1 EPV	25
6º	4LGL, 2CN, 2CS, 1REL-PT, 1 MD, 1VCE	4LCL, 4MAT, 2EF	3 ING, 1 EPV	25

16 PROGRAMAS E ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA O FOMENTO DA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Neste curso 2024/25, o equipo de Dinamización da Lingua Galega promoverá a realización das seguintes actividades:

- **Cara á contorna:**
 - Modificar hábitos respecto a lingua, fomentar a lectura e crear actitudes favorables cara esta.
 - Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística eliminando prexuízos e sa-lientando a posibilidade real de ser usada en calquera contexto.
 - Coñecer, valorar e respectar a riqueza cultural de Carnota.

- **Cara ao profesorado:**
 - Buscar publicacións en galego sobre o proxecto anual: **Aprendemos xogando.**
 - Coñecer metodoloxías que favorezan o desenvolvemento da creatividade.
 - Investigar e recoller información sobre as cantareiras e o cancionero (poesía) popular galego, homenaxeados o Día das Letras Galegas.
 - Establecer liñas de colaboración e coordinación entre todos os equipos de di-namización: biblioteca, extraescolares, TICs...
 - Traballar cunha liña transversal coeducativa.
 - Planificar xunto co equipo de Biblioteca as mochilas viaxeiras e a revista esco-lar de tirada anual.
 - Elaborar materiais didácticos axeitados ás diferentes conmemoracións.

- **Cara ao alumnado:**
 - Coñecer a historia do seu entorno como sinal de identidade.
 - Fusionar o emprego do galego coas TICs como sinal de modernidade da pro-pia lingua.
 - Coñecer e rexistrar lendas, relatos, cantareas, poesía, xogos, microcontos...
 - Analizar as cantareiras e a poesía popular galega.
 -

- Ampliar vocabulario relacionado co cancionero popular e con expresións orais antigas.
- Fomentar o uso normalizado da lingua galega en calquera situación.

- **Cara á situación lingüística do centro:**

As propostas a desenvolver para este curso son:

- Encontros con escritores/as e ilustradores/as.
- Actividades de animación á lectura.
- Provisión na biblioteca de xornais en galego durante a semana da prensa para que os alumnos/as poidan manipulalos e traballar con eles.
- Colaboración co equipo de dinamización de TICS na planificación e na edición da revista "As Liñeiras" ao longo do curso.
- Elaboración de contidos para as distintas seccións da páxina web do centro.
- Participación e colaboración co equipo de actividades complementarias e extraescolares na celebración dos distintos acontecementos para potenciar o uso de galego nos mesmos.
- Convocatoria de diversos concursos literarios.
- Colaboración activa nas actividades propostas polo Concello para a dinamización da lingua galega.

17 LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS POLO CENTRO

Para o presente curso os libros de texto e material curricular serán os que figuran no **Anexo XI**.

Outros recursos que se van a empregar:

- Recursos tecnolóxicos EDIXGAL.
- Aula virtual do centro.
- Páxina web do centro.
- Utilización de materiais da Biblioteca:
 - Libros narrativos, de consulta, poesía,...
 - Libros e materiais elaborados no centro.
 - Itinerarios lectores.
 - CDs de música.
 - Películas.
 - Programas informáticos.
 - Páxinas de internet.
 - Dicionarios e enciclopedias de consulta.
 - Mapas xeográficos.

18 PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

18.1 Introducción e contextualización

No *Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 11 sinala a importancia dos elementos transversais, os cales pretendemos reforzar ao longo do curso por medio das actividades complementarias. Segundo o citado decreto: a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. O currículo de educación primaria incorpora elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Será preciso que a organización dos centros educativos, as formas de relación de todas as persoas compoñentes da comunidade educativa, as actividades docentes, así como as complementarias e extraescolares, incidan no desenvolvemento das citadas competencias básicas. Prestarase especial atención á educación en valores e ás normas de convivencia que permitan unha incorporación á sociedade democrática con respecto, interese, esforzo e responsabilidade.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen

carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan (visitas, viaxes de estudo, conmemoracións, etc.).

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, realízanse fóra do horario lectivo, sendo a participación nestas voluntaria.

Actividades complementarias

As actividades complementarias xirarán, fundamentalmente, en torno o tema escollido polo centro para abordar este curso: "Aprendemos xogando", así como, todas aquelas actividades ou saídas promovidas pola Deputación, Concellos e Asociacións que teñan un claro obxectivo didáctico e sexan axeitadas para o alumnado do centro.

Algunhas das actividades a fixar para os diversos niveis existentes no centro son:

- Colaboracións coa Asociación Cultural Canle.
- Actividades relacionadas con ADEGA.
- Xornadas de vela coa escola *Cataventos*.
- Visita á piscifactoría *Prodemar*.
- Recollida de lixo na praia.
- Visita á lonxa e ao porto de Lira ou do Pindo.
- Realización de roteiros por Carnota coa colaboración do concello.
- Organización de diversas xornadas coa participación das familias.
- Concertos didácticos.
- Simulacro de evacuación no centro coa participación do corpo de bombeiros e outras entidades públicas, se procede, da contorna.
- Actividades de educación vial.
- Colaboración con asociacións de persoas con diversidade funcional (ADIBISMUR) no proxecto que están a desenvolver: PINEA.
- Saídas a diferentes museos relacionados co proxecto do centro (como a Domus ou o MELGA).
- Obradoiros no centro e/ou contorna relacionados co xogo tradicional galego (<https://www.agxpt.gal/>).
- Saída ó cine ó Centro Comercial de Cee.
- Propostas para excursión de fin de curso: Actividades multiaventura (Atlantis adventure, Naturmaz).

En liñas xerais, realizarase unha por nivel e trimestre, e unha saída pola contorna. Con diferentes percorridos, visitas e obxectivos didáctico-pedagóxicos.

Nos diferentes niveis algunhas das actividades previstas son:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- 1º Trimestre: saída á contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

1º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

2º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

3º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

5º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.

- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de fin de curso.

6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º Trimestre: saídas pola contorna próxima.
- 2º Trimestre: saída cultural relacionada co proxecto de centro.
- 3º Trimestre: saída de final de etapa.

No tocante a 6º EP, organizarase unha excursión de fin de curso a cargo da ANPA; a data de dita saída fixaranse en función da dispoñibilidade da empresa encargada da súa realización, entre mediados-finais de maio e fin de curso.

O alumnado do centro tamén participará na oferta de actividades propostas, tanto polo concello como pola propia ANPA.

Conmemoracións e festivais

As conmemoracións que celebraremos, tal e como recolle a *Orde do 12 de abril de 2024* pola que se establece o calendario escolar para o curso 2024/2025 son:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia. (Nivel de aula)
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. (Nivel de centro)
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. (Nivel aula-centro)
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. (Nivel aula)
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. (Nivel aula)
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación. (Nivel aula)
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz. (Nivel centro)
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro. (EDLG)
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller. (Nivel centro)

- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. (Nivel aula)
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa. (Equipo biblioteca)
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas. (EDLG)
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde. (Nivel aula)
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro. (Equipo biblioteca)
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar. (Nivel aula-centro)
- 9 de maio de 2025: Día de Europa. (Nivel aula)
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas. (EDLG)
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente. (Nivel centro).

Ademais destas conmemoracións recollidas na orde, tamén se van a celebrar outras festividades de carácter tradicional, como poden ser:

- Magosto- samaín (con posibilidade de realizar unha xornada de xogos tradicionais).
- Nadal: Festival con invitación ás familias.
- Entroido: Minidesfile pola contorna coa temática do xogo e pequena actuación para as familias.
- Festival de fin de curso con invitación ás familias.

COLABORACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

Con respecto á participación en programas e proxectos, participaremos en programas como son Deporte Escolar no programa A Vela na Escola e en colaboración co departamento de deportes do Concello en actividades relacionadas co atletismo.

Ademais e, como en anos anteriores, o centro participa no PLAMBE (plan de mellora das bibliotecas escolares), cuxas actividades se reflicten no apartado 13.5.

Como se ven facendo bianualmente, solicitarase a participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos para o curso 2023/2024.

En colaboración co CAFI e a ANPA potenciaremos a escola de nais e pais para o presente curso.

Como en cursos anteriores tamén se participará dos talleres sobre concienciación medioambiental propostos pola asociación ADEGA, escollendo dentro da oferta aqueles que mellor se adapten ao alumnado.

Tamén se establece a colaboración e participación do alumnado nas propostas do Concello de Carnota axeitadas á idade do noso alumnado, pendentas de relacionar ata que o Concello nos traslade a programación das mesmas.

Asemade, o centro estudará todos aqueles programas e proxectos que poidan ir ofertándose ao longo do curso.

18.6. TIC e biblioteca

18.6.1. TIC

O equipo TIC está formado por:

- Titora de 6º de EP
- Mestre especialista de EF
- Orientadora
- Mestre especialista e EMD (Coordinador)

Dende este equipo, preténdense integrar as TIC de xeito natural en todas as actividades que se realicen no centro. Así procuraranse implementar as seguintes actuacións:

- Continuación e seguimento do Plan Dixital de Centro.
- Actualización e mantemento da páxina web do centro.
- Habilitación de cursos e fornecemento de recursos de interese para o profesorado na aula virtual do centro.
- Mantemento dos equipos informáticos do centro.
- Tramitación ante a UAC das necesidades xurdidas nos distintos equipos do centro.
- Posta en funcionamento da antiga aula de informática como espazo de Polos Creativos.
- Creación de actividades multimedia para colaborar co resto dos diferentes equipos: EDLG, Biblioteca, Extraescolares,...
- Difusión e asesoramento ás familias acerca das ferramentas de comunicación corporativas (correo do centro, abalar,...).

O programa do Equipo de TIC figura anexo a este documento (**Anexo II**).

18.6.2. BIBLIOTECA

18.6.2.1. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes"

O equipo de biblioteca deste curso académico reunirse semanalmente co obxectivo de idear, organizar e levar a cabo distintas actividades relacionadas co proxecto anual de centro, conmemoracións,... sendo a biblioteca o eixo vertebrador do que partan as distintas accións do centro, como proxectos, actividades internivel, visitas escolares, saídas,... Asemade intentarase realizar diversas reunións cos diferentes coordinadores dos outros equipos de centro para unha maior coordinación entre todos/as.

A maiores, a coordinadora será a encargada de elaborar o proxecto anual para a participación en PLAMBE e a memoria do citado proxecto.

Empregarase, ademais, o programa KOHA para a catalogación e préstamo de fondos e existirá unha hora semanal exclusiva para cada aula, así como a biblioteca estará aberta durante os períodos de lecer.

Atendendo á configuración da biblioteca, sinalar que esta continuará organizándose como está distribuída espacialmente, existindo espazos ben definidos que lle dá ao alumnado a autonomía suficiente para crear e utilizar a distinta información que se atopa dispoñible. En relación a isto, sinalar que o presente curso o proxecto anual "Aprendemos xogando" (**anexo XIII**) atenderá ao xogo no seu senso máis amplo.

Asemade, continuarase buscando unha biblioteca cada vez máis dinámica, dándolle máis valor ao recanto das manualidades, así como, de ser posible, elaborárase un recanto "maker".

Os obxectivos a lograr durante o curso 2024-2025 serán:

- Continuar co préstamo de fondos, tanto de ficción como informativos, dándolle maior visibilidade a aqueles relacionados co proxecto anual.
- Adquirir novo material manipulativo, como son xogos de mesa, quebracabezas, legos, xogos de robótica,...
- Aumentar o espazo fedelleiro e ofrecer máis oportunidades de crear no manipulativo.
- Continuar coa compra de máis material de manipulación, fondos, xogos de mesa...

- Conseguir máis material tecnolóxico, aproveitando que se lles entregou a cada alumno/a o seu usuario e contrasinal EL.BE2, é interesante que empreguen este para realizar préstamos de libros online.
- Continuar a planificar actividades cada vez máis interactivas, intergrupais, e onde os alumnos/as teñen o papel activo.
- Tratar interdisciplinariamente os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da axenda 2030.
- Abrir cada vez máis a biblioteca á comunidade educativa, promovendo actividades como a lectura de contos, a visita de exposicións,...
- Avanzar na formación dunha biblioteca inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado, a través dos fondos, o equipamento e as actividades.
- Publicitar as actividades que se realizan.
- Continuar coa colaboración da ANPA e da biblioteca do concello.

18.6.2.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, á súa integración no tratamento do currículo e á súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Como se pode apreciar, o que se pretende é que a biblioteca sexa o centro de recursos do alumnado, que sexa un espazo onde estea a súa dispoñibilidade multitude de fondos, información, xogos, material, ideas, actividades... buscando que este teña o papel protagonista da súa aprendizaxe. Para elo, é preciso que contemos cada vez máis con material manipulativo, fondos actualizados e de interese para os pequenos/as, material tecnolóxico... Para a súa promoción, faranse exposicións de libros, tanto na biblioteca como no corredor do centro (importancia da abrir a biblioteca a todo o centro educativo) atendendo a distintas temáticas: do proxecto anual, das conmemoracións,...; promoveranse actividades que impliquen a busca, procesamento e análise da información... como son os enigmas, que se levan desenvolvendo xa varios cursos académicos. Xunto a isto, tamén se pretende que a biblioteca sexa un espazo no que o profesorado conte con distinto material a empregar nas aulas para o tratamento do currículo, polo que se atenderá as súas necesidades e solicitudes, promoverase a existencia dunha biblioteca de aula (creouse o curso pasado unha pequena biblioteca con fondos interesantes para o profesorado na sala de mestres "Leocadia ensina...").

Asemade, promoverase a adquisición de fondos informativos de distinta temática, co obxectivo de atender a todos os intereses dos nenos/as.

A maiores disto, fomentarase a subida á páxina web do centro de distinta información, xogos interactivos, guías,...

Todo elo ten como finalidade o desenvolvemento das distintas competencias do alumnado, destacando a lingüística, pois é clave para a contribución das outras.

18.6.2.3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Como en cada curso académico, realizarase por parte da coordinadora do equipo a formación de usuarios. Non obstante, este ano por falta de horas de coordinación, só se realizará ao mestrado durante as horas complementarias de tarde e será este durante as súas titorías quen forme ao alumnado. Farase fincapé nas partes que presenta un libro, que é a etiqueta do lombo dos libros e que significado ten as súas partes, presentarase o código de barras e a súa finalidade, os distintos recantos da biblioteca e as actividades a desenvolver neles, achegaráselles ás distintas CDU... Asemade, repasaranse as estratexias para a realización dos préstamos, devolucións, achegas,... e se enfocará na importancia de cumprir as normas da biblioteca.

No referido á competencia informacional, e como xa está sinalado anteriormente, o que se pretende é conseguir alumnado que empregando distintos recursos como son libros, TIC,... sexan capaces de tratar a información de maneira autónoma, así como de expoñela empregando diferentes formas, ben sexa a través de resumos, esquemas, presentacións interactivas,...

18.6.2.4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro

Atendendo xa directamente ao fomento da lectura, o que se pretende con ela é crear e consolidar o hábito desta, non só na escola, senón que extrapolándoa á vida diaria (fogar). Para elo, é importante resaltar o plan anual de lectura (**anexo I**). Este pretende orientar, axudar e dinamizar o traballo que realiza o alumnado, profesorado e familias, para que entre todos/as se traballe de maneira cohesionada podendo conseguir mellores resultados nas actuacións encamiñadas a potenciar as competencias necesarias para a práctica habitual da expresión e da comprensión lectora en todas as

áreas curriculares. Concretamente, o que se pretende é estimular o hábito de lectura dende pequenos/as cunha actitude reflexiva e crítica (para elo promoverase entre o alumnado o uso cotiá da biblioteca e a utilice como recurso para “aprender a aprender”), así como crear no fogar unha rutina de lectura diaria. Para conseguir isto, atenderase a:

- Promover dende as titorías o uso do carné lector empregado xa o curso pasado e que tivo moito éxito, ao comezar a ler nenos/as que antes non o facían e lendo máis aqueles que xa o facían. Este consistía en que por cada dez libros lidos e comprendidos (facendo despois un debuxo, un resumo, preguntas de forma oral,...) levaban un agasallo.
- Continuar coa hora de ler implicando a todo o profesorado do centro para que realice un programa de lectura e que o poña en práctica cos seus alumnos/as. Tamén, se poderá aproveitar esta sesión para traballar o proxecto de centro, que como está sinalado anteriormente, terá como temática o xogo.
- Presentarlle ao alumnado fondos, tanto informativos como de ficción, motivadores para eles (continuará habendo un listado de suxestión de compra de libros para cubrir os nenos/as), a través da súa exposición tanto no corredor como na biblioteca.
- Continuar co programa de mochilas viaxeiras en todas as aulas do centro, o que lles permite aos nenos/as contar con distinto material no fogar durante varios días.
- Continuar elaborando guías de lectura, destacando o momento do Nadal, co obxectivo de proporcionarlle ás familias títulos de libros que lles poden ser interesantes aos pequenos/as, así como de xogos didácticos.
- Promover actividades lúdicas como contacontos, postas escénicas de textos, encontros con autores e ilustradores, visita a outras bibliotecas,...
- Desenvolver o apadriñamento lector por parte do alumnado, así como a través da visita de familias,...
- Realizar distintas actividades durante a Semana do Libro, a Semana da prensa, día de Rosalía de Castro, Letras Galegas,...

18.6.2.5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

Co obxectivo de atender a todo o alumnado e as súas características, intereses, motivacións,... preténdese que a biblioteca sexa o máis inclusiva posible, non só no aspecto físico posibilitando a liberdade de movementos, a existencia de fondos de distinta temática e formato (con pictogramas, sensoriais,...), senón que tamén as actividades. Para elo, buscarase que todo o alumnado teña cabida nas distintas actividades que se planifiquen ao longo do curso académico, así como se chegue a elas a través de distintas fontes, empregando o DUA. Todo elo realizarase coa estreita colaboración co departamento de orientación que nos fará as achegas oportunas, a selección de fondos e materiais precisos,...

Xunto a todas estas actuacións, hai que ter en conta outras que se realizan en colaboración con outras bibliotecas ou entidades, como é "Libros que alimentan" que consiste na recollida de alimentos ou material non perecedeiro durante o mes de decembro en colaboración cunha asociación sen ánimo de lucro. O alumnado que traia doazón leva a cambio como agradecemento un libro da biblioteca xa descatalogado (dándolle así unha segunda vida).

Outras actividades son: o concurso "Mareando historias", que consiste nun concurso de narrativa/poesía/cómic a nivel de centro; a celebración da Semana do Libro en colaboración coas familias e o concello,...

18.6.2.6. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar

Como criterios e indicadores de avaliación, sinalar os seguintes:

- Fomentar o uso cotiá da biblioteca como espazo de encontro, información e lectura.
- Contribuír ao fomento da competencia informacional do alumnado.
- Promover o hábito lector do alumnado dende unha actitude activa ante a información e como medio de información e gozo.
- Desenvolver actividades motivadoras para o alumnado e que estas estean adaptadas a todos eles/as.

Como procedementos e instrumentos para a avaliación, utilizaranse:

- Actas das reunións do equipo de biblioteca. Estas teñen carácter mensual.
- Datos KOHA: libros prestados, alumnado con máis libros lidos, catalogación,...
- Grao de participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas.
- Valoración das opinións dadas polo alumnado, profesorado e familias sobre as propostas didácticas dadas.
- Participación no Proxecto PINEA promovido pola asociación ADISBISMUR, co alumnado de 5º de EI e 6º de EP, con actividades no centro e fora do mesmo coa participación de alumnado doutros centros, membros da asociación e persoas maiores.

19 PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

No centro cóntase co Plan de autoprotección, no que se inclúe o plan de evacuación do centro, o cal foi elaborado por unha empresa externa especializada en xaneiro de 2014. Estamos a espera de que se determine se a xestión da renovación e actualización dos mesmos se adxudica a unha determinada empresa desde a Consellería.

No claustro de inicio de curso infórmase dende a dirección de todos os plans ou proxectos que hai no centro e facilítase unha copia, que se atopa exposta na sala de mestres do centro, facendo especial fincapé, se cabe, neste plan pois a seguridade do alumnado e de todos os membros da comunidade educativa é un dos obxectivos principais deste plan.

Neste, recóllense os protocolos de actuación en caso de risco e as normas que todos debemos seguir. Todos os membros do claustro teñen a obriga de coñecer o Plan de autoprotección.

Ó longo do presente curso faranse simulacros de evacuación e revisarase o plan se detectamos algunha deficiencia, para o que xestionaremos a colaboración co 112, GES e Garda Civil de Muros e Policía Local e Protección Civil de Carnota.

Ao finalizar cada trimestre avaliarase o plan por parte do equipo directivo e demais membros do claustro, para poder detectar posibles incidencias e atopar solucións e propostas de mellora.

Cómpre reseñar:

- En todas as aulas hai un plano de como evacuar o centro, e as normas que se deben seguir, ao lado da porta de cada aula.
- Na entrada do centro en conserxería ubícase un xogo de chaves de todo o centro e outro na xefatura de estudos.
- Cóntase tamén cun megáfono, por se no momento da emerxencia se produce un corte na electricidade.
- Necesítase revisar e ter en conta se a emerxencia se produce cando o alumnado se atopa no patio de recreo, xa que non está contemplado no anterior.

O persoal do centro non conta con formación axeitada para a modificación deste tipo de documentos tan técnicos.

20 PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Persoal non docente:

O centro conta cunha ATE (coidadora), unha conserxe e unha persoa responsable da limpeza contratadas estas dúas últimas polo Concello de Carnota.

Estas son un elemento fundamental no servizo á Comunidade Educativa, con funcións definidas nos seus convenios laborais ou regulamentos e que dependen no seu funcionamento diario do director do Centro. Ademais, no presente curso contaremos cun auxiliar de conversa, dende o 1 de outubro ata o 31 de maio, compartido co IES As Fontiñas, asistindo dous días fixos da semana a cada centro.

Auxiliar técnico educativo. As principais actuacións a desenvolver, no referente á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, serán as seguintes:

- Atención na ruta escolar (transporte escolar diario)*: función de acompañamento. Recollida na parada e acompañamento no transporte, se é necesario. Custodia no centro ata que comecen as actividades lectivas. Entrega do alumno na parada correspondente da súa liña. O día que falte o ATE de cada ruta, comunicaráselle aos pais, que son os que se encargarán do alumno ese día. (itinerario 3, 1 alumno)
- Hixiene e aseo: cambios do cueiro. Establecerase sempre o mesmo horario para o alumnado a atender. O cambio realizarase de modo rutineiro, sistémico e diario.
- Hábitos e habilidades da vida diaria. O ATE fomentará as habilidades da vida diaria dos alumnos tentando suplir aquelas carencias que amosen (englobaremos neste apartado os desprazamentos, a autonomía na alimentación e na hixiene, etc).
- Alimentación. Este apartado engloba a merenda e as comidas no caso de que sexa preciso (por mor de actividades complementarias e extraescolares). Tentaremos que os alumnos vaian adquirindo hábitos alimenticios e coman cada vez maior variedade de alimentos. No caso de ser preciso a hora da merenda do alumno comezará con anterioridade á do resto de compañeiros da súa clase, no caso de non rematar trasladarase ao patio de recreo onde seguirase a insistir.

- Tempos de recreo. As auxiliares encargaranse da custodia dos nenos favorecendo a súa integración e autonomía.
- Actividades lectivas. As auxiliares participarán en cantas actividades lectivas como a mestra responsable do grupo considere oportunas e necesarias en cada momento.
- Actividades complementarias e extraescolares. No referente ás actividades complementarias e extraescolares as auxiliares técnico educativas encargaranse da atención aos alumnos nos aspectos antes mencionados: alimentación, aseo e hixiene, desprazamentos, habilidades da vida diaria. A atención deberá axeitarse a cada tipo de actividade polo que as actuacións concretaranse e planificaranse en función de cada actividade e de xeito conxunto co equipo docente que traballa co alumno.
- Reunións e planificación de actividades. A auxiliar técnico educativa manterá cando menos unha reunión trimestral co Departamento de Orientación para aunar criterios e actuacións así como para informar dos avances e da situación do alumnado no referente ás súas funcións. De xeito extraordinario manteranse cantas reunións sexan precisas.

A auxiliar técnico educativa participará nas reunións que o equipo docente estime oportunas para aunar criterios e actuacións con respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais de tipo permanente.

Conserxe. O centro conta cunha conserxe. Realizará as seguintes funcións:

- Cumprir o seu horario e funcións laborais.
- Colaborar co resto da comunidade escolar na organización e funcionamento daqueles aspectos que lle correspondan.
- Custodiar as chaves do centro.
- Custodiar o edificio, mobiliario, maquinaria, instalacións e locais.
- Controlar a entrada de persoas alleas ao centro e recibir ás súas peticións, indicándolles a quen ou onde deben dirixirse.
- Abrir e pechar as portas tanto na entrada como na saída dos alumnos (entrada principal, saída ao patio, ximnasio, portal de acceso ao edificio anexo, despachos e aquelas que puntualmente sexan necesarias).

- Control puntual do nivel de gasóleo de calefacción, verificación de funcionamento de radiadores e caldeira.
- Atender o teléfono, o correo e realizar os traballos de reprografía que se lle soliciten.
- Colaborar no control de existencias de material existente no cuarto da fotocopidora.
- Realizar pequenos amaños tales como: colocación de parafusos, puntas, billas, cisternas, enchufes, bombillas, etc.
- Realizar as funcións de limpeza no centro (chan, baños, aulas,...) por lixado ou problemas que poidan aparecer durante o período lectivo mentres non estea no centro o persoal de limpeza.
- Colaborar na orde e organización dos espazos (trasladar os obxectos dentro do recinto escolar, recolocar mobiliario, maquinaria ou enseres,...).
- Permanencia no centro cunha antelación de quince minutos á hora de entrada dos alumnos (9:15) e peche do mesmo seguindo as instrucións da dirección e cos límites horarios impostos pola propia xornada laboral.
- Colaborar na reposición de toallas de papel e baleirado dos deshumificadores.
- Calquera outra función relacionada co centro que lle sexa encomendada pola dirección por necesidade xustificada que entre dentro das tarefas propias da conserxaría.

Persoal de limpeza. O concello contrata unha persoa para as tarefas de limpeza do centro. Realiza ditas tarefas parte no horario lectivo e parte en horario non lectivo. No horario lectivo, comeza antes de empezar os períodos de recreo para facer unha primeira limpeza dos baños.

21 HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DO PERSOAL DA SECRETARIA E DO EQUIPO DIRECTIVO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45 a 10:35	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN		DIRECCIÓN XEFATURA
10:35 a 11:25	XEFATURA		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	
11:25 a 12:15	SECRETARÍA XEFATURA	SECRETARÍA	DIRECCIÓN SECRETARÍA	SECRETARÍA XEFATURA	SECRETARÍA

No presente horario, fíxanse as horas de atención preferente aos membros da comunidade educativa. Establécese a atención por un dos membros do equipo directivo de luns a venres. Con isto, preténdese garantir a dispoñibilidade dalgún dos membros do equipo directivo para a atención de luns a venres, permitindo ao mesmo tempo que os membros do equipo directivo dispoñan de tempo de dedicación a outras tarefas propias do cargo.

Para axilizar os trámites, ponse a disposición da comunidade educativa un formulario que poden descargar da páxina web do centro ou solicitar en conserxería. Tamén se poderá solicitar cita ou información sobre trámites no correo electrónico do centro: ceip.carnota@edu.xunta.gal.

22 PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Para a organización de diferentes aspectos relacionados co noso alumnado, dende o equipo directivo do centro, faise entrega de diferente documentación no momento da matrícula ao inicio do curso ou ao longo do mesmo. Pai e nai ou titor legal deberán devolvelo asinado:

- Autorización da imaxe para poder ser fotografado ou filmado dentro do horario escolar nas actividades realizadas polo centro con fins educativos e pedagóxicos.
- Ficha actualización dos datos persoais do alumno/a, números telefónicos e correo electrónico actualizados, problemas médicos, alerxias, utilización de transporte escolar.
- Autorización para realizar as saídas recollidas na PXA.
- Documento xustificativo de faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado.
- Autorización asinada polo pai e nai ou titor legal dos alumnos/as co DNI das persoas que poden recollelo en ausencia do pai/nai/titores legais.
- En caso de que o pai/nai teña que vir recoller ao alumno por motivo xustificado dentro do horario lectivo, asinará a autorización de saída do alumno, na conserxería.
- Comunicación de non promoción.
- Informe de avaliación trimestral do alumnado (grao de consecución das competencias e cualificación da materia, e observacións do titor/a). Envíase por ABA-LAR, só se entrega en papel ás familias que o soliciten.
- Informe trimestral do alumnado con NEAE que recibe apoio educativo realizado polos especialistas de PT e AL. En dito informe especificaranse as liñas de actuación co alumno/a, obxectivos acadados e en proceso e demais aspectos que abranguen a intervención educativa do DO con respecto ao alumno/a.
- Informe trimestral aos pais/nais do alumnado con ACS. En ditos informes, asinados pola orientador do centro, especialistas que imparten e apoian ao alumno, especificarase as liñas de actuación co alumno/a os obxectivos acadados, os que acada con axuda e os que aínda non acadou neste trimestre.

En caso de separación dos proxenitores do alumno/a estas autorizacións deberán asinalas o proxenitor que ten a custodia.

A solicitude de matrícula ou cambio de centro, deberá asinala o pai e nai ou titores legais se os dous teñen a patria potestade.

En caso de separación dos proxenitores do alumno/a, o boletín de notas ou informes do D.O., se o solicita o pai/nai que non ten a custodia, entregáraselle por parte do titor/a unha copia.

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS AO CENTRO:

Documentos que se entregan para a matrícula:

- Tarxeta sanitaria.
- Certificado médico.
- Libro de familia ou DNI do alumno/a.
- Fotocopia do boletín de vacinas.
- Fotos (non necesarias en caso de autorizar o uso da imaxe).
- Solicitude de reserva, admisión e matrícula asinado polo pai e a nai ou as persoas que exercen a titoría legal (anexo I, anexo II,...).
- Se optan polo ensino de relixión para o seu fillo/a.
- Lingua materna do alumnado de Educación Infantil.
- Autorizacións, solicitadas polo centro, debidamente cubertas e asinadas polo pai/nai ou persoa que exerza a titoría legal. Se os pais están separados, entregarán copia do convenio regulador ao titor/a do alumno/a. Se existe orde de afastamento dalgún proxenitor, entregará sentenza xudicial. No caso de que algún proxenitor non teña a patria potestade do alumno/a deberá traerse ao centro a sentenza xudicial que o confirme.

Alumnado estranxeiro

Unha vez feito o trámite de matrícula, alguén do equipo directivo informará ás familias sobre outras cuestións da organización do centro, como son:

- Calendario.
- Períodos de vacacións.
- Horarios.
-

- Normas internas.
- Asistencia.
- Organización do centro.
- Hábitos.
- Hora de atención ás familias/titores legais dos alumnos/as.

No caso de ser preciso, facilitaráselles a información por escrito, preferiblemente traducido ao seu idioma.

Ao remate da entrevista, un membro do equipo directivo ensinará aos pais/nais/titores legais e ao alumno/a as instalacións máis representativas do centro. Debemos considerar que este é un momento emotivo no que as familias/titores legais coñecerán o lugar onde deixarán ao neno/a a maior parte do día.

O horario establecido no centro para a atención a pais e nais ou titores legais durante este curso será todos o luns de 17:30 a 18:30 horas. En caso necesario, poderá buscarse outro momento, preferentemente fóra do horario lectivo (antes do comezo da actividade lectiva ou noutra tarde).

Os titores /as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha axeitada comunicación familia-centro, comunicándolles o horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais, globais, etc.
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos/as e así mesmo, recabar a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumno.

23 PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

En aplicación coa *Orde do 23 de xuño de 2011* o profesorado custodiará ao alumnado transportado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado ata o inicio da actividade lectiva, así como desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar. O persoal de garda será o suficiente para garantir a custodia nas aulas e vixilancia de espazos de acceso e saída. Por elo, quince minutos antes do inicio da actividade lectiva, é dicir, de 9:30h a 9:45 h e quince minutos despois, de 14:45 h. a 15:00 h., os mestres estarán de garda nos espazos asignados segundo as quendas derivadas do horario do profesorado.

Os alumnos terán asignada unha única parada de autobús, estando prohibido o uso de dúas paradas diferentes, agás solicitude argumentada e nos termos que se establecen nas instrucións sobre uso do transporte. Se por cambio de domicilio, hai necesidade de variar a parada, os pais ou titores legais solicitarano ao centro e efectuarase o cambio de parada. Se por motivos de conciliación da vida familiar un alumno necesita puntualmente a utilización doutra parada terá que informar ao xefe de estudos do centro e ao titor, despois de cubrir o impreso que hai para tal fin no centro.

O alumnado ten a obriga de baixar do autobús ao chegar ao centro e desprazarse sempre pola beirarrúa ata a porta principal, quedando prohibido quedarse fóra do recinto unha vez baixen do autobús.

Os responsables do transporte terán a obriga de aproximar o máis posible a hora de chegada do transporte á hora de comezo do horario lectivo.

Os condutores non poderán iniciar a marcha ata que non estea a totalidade do alumnado dentro de todos os autobuses, evitando deste xeito riscos que poden xurdir entre os alumnos que están a subir e os autobuses que inician a marcha.

Para facilitar e mellorar a convivencia no uso do transporte escolar, todos os sectores implicados, (pais, profesores...), inculcarán valores de respecto tanto cara á persoa do condutor, coidadora do autobús, coidadora do alumnado con NEAE, compañeiros de viaxe, así como ás normas básicas de educación vial.

Os usuarios do transporte escolar deberán acatar as normas que a empresa lles impoña para o correcto uso de dito transporte, así como as normas cívicas básicas e de educación vial. Así mesmo, tanto pais como profesores fomentarán nos alumnos/as o correcto uso de dito servizo.

Cada itinerario ten unha coidadora que se encarga do alumno transportado.

Atendendo a todo isto, as gardas de entrada e saída do alumnado ao centro establécense do seguinte xeito:

Entradas:

- Garda dunha persoa na baixada dos autobuses, outro na porta da entrada, dous na porta de acceso do alumnado non transportado (un deles atenderá tamén ao corredor) e profesorado no patio.

Saídas:

- Un nos buses, outro na porta de saída de alumnado non transportado e outro na porta de saída.

Se algún dos mestres non se incorpora a garda, o equipo directivo propondrá aos mestres substitutos nas gardas necesarios, entre o profesorado presente no centro.

O transporte escolar do centro depende actualmente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sendo a modalidade de servizo integrado.

O número de alumnos transportados en cada liña son:

- Itinerario nº 1 – 24 (alumnos e alumnas) – XG813 Servizo integrado
- Itinerario nº 2 – 31 (alumnos e alumnas) – XG813 Servizo integrado
- Itinerario nº 3 – 37 (alumnos e alumnas) – XG813 Servizo integrado

No itinerario nº 3, emprega o servizo un alumno que vai acompañado nos traxectos pola ATE.

ITINERARIOS E PARADAS

O CEIP de Carnota ten xornada única de mañá de 9.45 a 14.45 horas.

O alumnado con dereito ao servizo gratuíto de transporte escolar que o utilizará durante o curso 2024-25 está distribuído da seguinte maneira:

Alumnado de Educación Infantil		Alumnado de Educación Primaria	
ITINERARIO N° 1			
Nome da parada	Nº de alumnos/ as	Nome da parada	Nº de alumnos/ as
VILAR		VILAR	3
SARNAS	1	SARNAS	1
MACEIRAS		MACEIRAS	
SOFÁN	1	SOFÁN	3
ESQUEIROS	1	ESQUEIROS	1
LARIÑO	4	LARIÑO	9
GÁNDARA		GÁNDARA	
TOTAL E.I.	7	TOTAL E.P.	17

ITINERARIO N° 2			
Nome da parada	Nº de alumnos/ as	Nome da parada	Nº de alumnos/ as
MALLOU 169		MALLOU 169	
MALLOU	1	MALLOU	3
PAUS	0	PAUS	5
LIRA	5	LIRA	13
GINA	0	GINA	0
TARA	2	TARA	0
PORTOCUBELO	1	PORTOCUBELO	1
TOTAL E.I.	9	TOTAL E.P.	22

Alumnado de Educación Infantil		Alumnado de Educación Primaria	
ITINERARIO N° 3			
Nome da parada	Nº de alumnos/ as	Nome da parada	Nº de alumnos/ as
PEDRAFIGUEIRA	4	PEDRAFIGUEIRA	6
FREÁN		FREÁN	1
PIÑEIROS		PIÑEIROS	
CANEDO	1	CANEDO	3
A PERECHA	1	A PERECHA	2
O VISO		O VISO	2
CRUCES	0	CRUCES	6
PERALVAR		PERALVAR	
RATEIRA		RATEIRA	1
PONTE DO RIEIRO		PONTE DO RIEIRO	1
LOUREDO 1		LOUREDO 1	4
LOUREDO 2		LOUREDO 2	
PARADA		PARADA	1
CARRACEDO		CARRACEDO	2
CORNIDO		CORNIDO	1



ESTAÑEIRAS	1	ESTAÑEIRAS	
TOTAL E.I.	7	TOTAL E.P.	30

* En ningunha das rutas hai solicitudes de paradas novas.

24 PLAN DE TRABAJO COORDINADOR DE BIENESTAR E CONVIVENCIA

24.1. Introducción

O Coordinador de Bienestar é unha figura que traballará, de acordo co sentido que lle se atribúe na lexislación ao efecto, na creación e consenso da comunidade educativa en torno a un enfoque integral na prevención de calquera forma de violencia contra a infancia. Para isto, promoverase a creación de entornos protectores e a coordinación cunha rede de profesionais pertencentes a diversos ámbitos.

Procurarase que no centro educativo e na comunidade nun sentido amplo, se garantan de forma efectiva todos os dereitos a todos os nenos e nenas, a través do que a UNESCO chama un Enfoque Escolar Integral de prevención da violencia, é dicir: “atender ás necesidades do alumnado, do persoal e da comunidade en xeral, non só dentro do currículo, senón en toda a escola e no ambiente de aprendizaxe. Implica accións colectivas e colaborativas por parte dunha comunidade escolar para mellorar a aprendizaxe, o comportamento e o bienestar dos estudantes, e as condicións que o sustentan” (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura [UNESCO], 2016).

24.2. Análise do contexto

O CEIP de Carnota é unha escola situada no medio rural mariñeiro galego. É unha escola de liña 1 cunha media de 15 alumnos por aula. A idiosincrasia da comunidade e o baixo número de alumnos fai que os conflitos no centro sexan case inexistentes e situacións de acoso escolar algo puntual e esporádico.

Neste contexto, unha convivencia pacífica semella un feito espontáneo. Sen embargo, vivimos nunha sociedade cuns valores altamente competitivos e individualistas. Non debemos esquecer que a convivencia se ensina e se aprende; é tarefa do día a día.

En ocasións, neste aparente bo clima, non se dedica tempo a que os nenos adquiran unha serie de habilidades en relación a si mesmos, aos demais e ao medio relacional. Por esta razón, é un reto promover unha cultura de mirada e traballo específico sobre o bienestar, a non violencia e a convivencia pacífica. Se ademais de favorecer a adquisición de contidos curriculares, nos centramos en axudar ao noso alumnado a medrar como persoas, disporán de ferramentas para poder enfrontarse con éxito aos conflitos da vida.

O obxectivo dende a Coordinación de Benestar e Convivencia é crear unha escola centrada conscientemente nas persoas e no seu benestar emocional e social. Este traballo non pode abordarse individualmente, dende unha persoa única, é un cambio que debe chegar a toda a comunidade educativa e a súa contorna.

Para lograr o cambio, non hai un patrón único a seguir; debemos reflexionar en conxunto sobre o modelo de convivencia humana que queremos impulsar dende as aulas.

“A convivencia dos seres humanos xa está dada socialmente, pero a convivencia debe construírse e inclúe, entre outros moitos factores, un proceso de ensino-aprendizaxe” (Berra Bortolotti e Dueñas Fernández, 2009).

24.3. Obxectivos, actuacións e indicadores de avaliación

Partindo da lexislación que regula a figura da coordinador de benestar e da análise do contexto do noso centro educativo, os obxectivos que nos marcamos para este curso son:

a) Levar a cabo accións de sensibilización para o rexeitamento e eliminación de todo tipo de violencia e discriminación contra a infancia e a adolescencia.

Actuacións:

- Campaña de Nadal: creación dunha árbore de Nadal con frases e ideas de non discriminación e tolerancia.
- Visionado da curtametraxe “O circo das bolboretas” nas aulas de 2º e 3º ciclo de primaria e reflexión e debate sobre a mesma.
- Coordinación de actuacións con asociacións como o Centro de Saúde, Concello...
- Dotación de ferramentas eficaces para empregar con criterio e seguridade internet e as redes sociais.

Indicadores de avaliación:

- Nivel de participación do profesorado e do alumnado.
- Número de encontros e contactos telefónicos con diferentes profesionais e asociacións.
- Valoración positiva dos instrumentos facilitados.
- Número de casos de discriminación e conflitos de convivencia respecto a cursos anteriores.

b) Establecer medidas de prevención da violencia na comunidade educativa.

Actuacións:

- Información adecuada ás familias sobre a crianza respetuosa.
- Reforzo da participación do alumnado no centro: biblioteca, dinamización de patios, equipo de mediadores.

Indicadores de avaliación:

- Valoración positiva da información ofertada.
- Grao de participación dos menores nas actividades do centro.

c) Promover a detección precoz de situacións de agresión ou acoso.

Actuacións:

- Información e formación ao equipo docente, familias e alumnado (lexislación, factores de risco, sinais de alerta, etc.).

Indicadores de avaliación:

- Valoración da información ofrecida.
- Número de consultas coa orientadora.

d) Potenciar os coñecementos e as habilidades do alumnado para que participe activamente na promoción do bo trato e poida recoñecer a agresión e reaccionar ante ela.

Actuacións:

- Programación de sesións de tutoría (PAT): achegar aos titores material relacionado sobre asertividade, habilidades sociais, etc.
- Creación das súas propias normas na aula.

Indicadores de avaliación:

- Grao de satisfacción e participación dos destinatarios.
- Nivel de coordinación orientación – titores – outros profesionais.

e) Reforzar o exercicio do dereito do menor a ser escoitado e a que as súas opinións se teñan debidamente en conta.

Actuacións:

- Sesións de tutoría (debates sobre bo trato, violencia de xénero, non discriminación, etc.).
- Sesións individuais coa orientadora.

- Elección de delegados e reunións posteriores.

Indicadores de avaliación:

- Actividades realizadas nas titorías.
- Grao de satisfacción e participación neles.
- Nivel de coordinación orientación – titores – outros profesionais.

f) Garantir unha atención especial aos menores que se atopen en situación de especial vulnerabilidade.

Actuacións:

- Sesións de traballo co Xefe de Estudos e Departamento de Orientación.
- Contacto cos Servizos Sociais, ONG, centro de saúde, etc.

Indicadores de avaliación:

- Número de intervencións individuais realizadas.
- Grao de satisfacción e participación do alumnado atendido.
- Nivel de coordinación orientación – titores – Xefe de Estudos e Xestión – outros profesionais.

24.4. Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión

A figura do Coordinador de Benestar e o presente plan de traballo difundirase a toda a comunidade educativa a través da web e nas diferentes xuntanzas de aula. Asemade, presentarase de xeito pormenorizado e específico ao Claustro e Consello Escolar.

Cada curso realizarase unha avaliación e revisión do mesmo a partir dos indicadores incorporados, que se recollerá na memoria final de curso.

Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Grao de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actuacións realizadas e grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Formación e asesoramento aos diferentes membros da comunidade educativa e recursos empregados.
- Avaliación do proceso e resultados, conclusións e propostas de continuidade e mellora para cursos sucesivos.
- Relación de documentación elaborada.

25 REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

Actualmente o centro non presta servizo de comedor escolar.

26 PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Os espazos educativos (tanto os edificios, como patios) poderán ser usados por outras entidades baixo as seguintes condicións:

- Poderán ser utilizados só fóra do horario lectivo.
- A entidade deberá solicitar por escrito dirixido ao director o uso destes espazos, sinalando na solicitude os seguintes aspectos:
 1. Tempo que se vai precisar.
 2. Persoas que van facer uso dos espazos.
 3. Días e horas necesarios.
 4. Actividade á que vai ser dedicado o espazo solicitado.
 5. Profesorado que impartirá as clases ou actividades (con nome e apelidos).
 6. Responsables da actividade (nome da entidade ou persoa/as).
 7. Procedemento para garantir un acompañante responsable dos alumnos/as menores, no caso de que se atrase ou non veña o profesorado.
 8. Persoal encargado da apertura e peche do local ou recinto (nome e apelidos).
 9. Por motivos de seguridade, os espazos comprendidos dentro da influencia da alarma do centro, só se poderán empregar dentro do horario do conserxe ou de dispoñibilidade do profesorado.
- No caso de solicitude por parte da ANPA, asociacións de antigos alumnos, asociación de antigos mestres, a solicitude será aprobada pola dirección tras o informe favorable do Claustro de Profesores e do Consello Escolar, e sempre que non interfira na actividade docente do centro ou implique a permanencia de profesores fóra das horas de disposición dos mesmo ao centro.
- No caso doutras entidades, a solicitude cursarase perante o Sr. Xefe Territorial, tras o informe favorable do Claustro e Consello Escolar, e sempre que non interfira na actividade docente do centro ou implique a permanencia de profesores ou do conserxe fóra das horas de disposición dos mesmo ao centro. Os solicitantes non poderán facer uso das instalacións mentres non se reciba a resolución correspondente.

- Unha vez autorizada a actividade, dita autorización quedará supeditada a que as entidades solicitantes se responsabilicen “dos posibles danos e prexuízos que poidan ocasionar no centro ou no recinto os usuarios das instalacións; así como a responsabilidade civil que puidera derivarse de calquera incidencia que teña lugar durante o seu desenvolvemento”.

No presente curso está autorizada unha aula no edificio anexo para o programa Maduragores que oferta o Concello de Carnota, así como o ximnasio, o salón de actos e varias aulas situadas encima do ximnasio para actividades ofertadas pola ANPA.

27 PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

A ampla oferta de actividades desde o Concello de Carnota, condiciona en medida a participación do alumnado en outras actividades.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos oferta para este ano as seguintes actividades: piscina, teatro e ximnasia rítmica.

Empregarán aulas no edificio anexo, para o que se lles facilitará copia das chaves se o horario está fóra do horario fixado para apertura do centro polas tardes (16:30 a 18:30).

28 PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para realizar a avaliación terase en conta o artigo único da *LOMLOE*, así como a *Orde do 25 de xaneiro de 2022* pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e no bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación terá como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, do exercicio e da práctica docente.

Será global, continua e formativa e terá en conta o progreso no conxunto das áreas.

Os principais aspectos que debe contemplar son:

- Os coñecementos previos do alumno ou alumna, antes de empezar a aprendizaxe.
- A adecuación das estratexias metodolóxicas empregadas.
- As adquisicións acadadas polos alumnos e alumnas tendo como punto de referencia os obxectivos fixados inicialmente.
- As actividades realizadas polo alumnado, tanto individualmente como en equipo.
- A relación entre a programación e as necesidades e intereses do alumnado.
- A integración socio-familiar e escolar do alumnado.
- As actitudes dos alumnos e alumnas diante do traballo, a organización do mesmo, participación, hábitos (tolerancia, cooperación).

O proceso de avaliación terá como obxectivos:

- Proporcionar unha información constante do proceso educativo.
- Mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.
- Detectar as dificultades no momento en que se produzan.

A avaliación continua permite incorporar medidas de ampliación e reforzo en funcións das necesidades que se deriven da avaliación do proceso educativo. Nas sesións de avaliación valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno/a, o grao de desenvolvemento das competencias clave e as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

Na etapa de Educación Infantil e en 1º e 2º de Educación Primaria terase en conta o progreso do alumno mediante a observación directa do traballo e a actitude desenvol-

vida na clase.

En 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria terase en conta, sobre todo, o traballo realizado polo alumno diariamente na aula e, en menor medida, as probas periódicas que se lle apliquen, como se indica nas programacións de cada curso.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, realizando diagnósticos precoces e establecendo mecanismos de reforzo.

Valorarase en todos os casos o esforzo mostrado na clase polo alumno/a.

As sesións de avaliación realizaranse trimestralmente. Durante o mes de setembro realizarase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas co fin de adaptar as programacións de aula e de identificar o antes posible calquera necesidade de reforzo educativo.

No caso dos alumnos, que polas súas características persoais ou capacidades non sexan capaces de acadar os niveis mínimos de cada ciclo, unha vez esgotadas as medidas ordinarias, optarase, se é necesario, por unha Adaptación Curricular.

Fíxanse os seguintes criterios de avaliación comúns para todo o centro:

- Avaliarase o cumprimento dos obxectivos de área/curso, en función dos criterios de avaliación e dos estándares de avaliación expostos nas programacións.
- O profesorado terá en conta os resultados obtidos en cada sesión de avaliación para modificar se fora preciso a súa programación.
- O profesorado procurará obter a máxima información posible sobre:
 - Integración do alumno/a no grupo.
 - Valores.
 - Actitudes.
 - Coñecementos.
 - Hábitos de traballo.
 - Habilidades.

Datas das reunións de avaliación:

Establécense as seguintes datas:

- **1ª Avaliación:** 16 e 17 de decembro de 2024, data de peche de actas, 20 de decembro.
- **2ª Avaliación:** 16 e 17 de marzo de 2025, data de peche de actas, 20 de marzo.
- **3ª Avaliación:** e peche de actas o 23 de xuño de 2025.

- SESIÓN DE AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA: 24 de xuño de 2025.

Os distintos informes de avaliacións parciais e final recollerán:

- As cualificacións de cada área acompañadas dalgunha observación.
- O grao de adquisición das Competencias Clave.

Realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o 4º curso de Primaria na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión escrita e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación coa adquisición da competencia lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

Esta avaliación non terá efectos académicos para o alumnado e terá carácter formativo e orientador para os centros docentes e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Utilizaranse os resultados destas avaliacións de diagnóstico para, nos seguintes niveis da educación primaria, levar a cabo as medidas de atención á diversidade que o alumnado requira, dirixidas a garantir que este alcance as correspondentes competencias clave.

Así mesmo, estes resultados permitirán, xunto coa avaliación dos procesos de ensinanza e a práctica docente, analizar, valorar e reorientar e proceder á realización da guía coas propostas de mellora.

EDUCACIÓN INFANTIL

Atendendo a Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo. Esta, así mesmo, debe ser global (atendendo a todos os aspectos do proceso educativo), continua (ao longo de todo el) e formativa (co obxectivo de axustar a intervención educativa e poder melloralas). Tamén dicir que esta será individualizada,

avaliando aos pequenos/ as respecto á situación inicial e non ao rendemento medio da clase e que empregará como principal técnica e instrumento de avaliación a observación directa e sistemática, así como se poderán empregar outros como é a análise da produción do alumnado, a entrevista coas familias,...

No referido aos criterios de avaliación, estes teñen como marco os obxectivos sinalados anteriormente e serán especificados para cada curso escolar nos correspondentes indicadores de avaliación, que, a súa vez, serán expresados nos informes anuais de avaliación, así como por trimestre se redactarán nos boletíns trimestrais. Así mesmo, ao final de ciclo consignaranse todos os criterios xerais no chamado informe final de etapa, tal e como establece o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

En canto á promoción, non se contempla a situación de flexibilización do alumnado, dado que non ten carácter obrigatorio esta etapa. Só no caso do alumnado NEE no que se vexa necesario, e segundo os informes do DO, do EOE e a autorización da familia se propondrá a flexibilización da escolarización nesta etapa.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Carácter da avaliación

A avaliación responderá en todo caso á filosofía marcada no artigo 14 da *LOMLOE*, que establece que a avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu avance no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Así pois, para valorar se o alumnado desenvolveu os desempeños que marcan os criterios de avaliación, deseñaremos procesos de avaliación global e continua. Será necesario deseñar secuencias de avaliación que permitan recoller evidencias da aprendizaxe ao longo do proceso para analizalas e introducir cambios no proceso de ensinanza, sempre co obxectivo de que o alumnado prograse.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa serán os criterios de avaliación que figuran no currículo.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas

medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Ao comezo de cada curso escolar o profesorado levará a cabo un proceso de avaliación inicial para determinar o punto de partida, as necesarias adecuacións do currículo e as medidas de atención á diversidade que convén activar.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicarlles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

Promoción en Educación Primaria

Ao finalizar os distintos ciclos, é dicir, nos cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os

país ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes, de acordo ao recollido nos apartados correspondentes do presente documento.

Informes de avaliación en Educación Primaria

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Nomenclatura e expresión das cualificacións en Educación Primaria

En Educación Primaria, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.

• Notable: 7 ou 8. •

Sobresaliente: 9 ou 10.

AVALIACIÓN DA PXA

Ao finalizar cada trimestre, o claustro de mestres/as e os diferentes equipos (extra-escolares, EDLG,...) farán un seguimento e análise desta PXA. A realización deste seguimento permitiranos adaptar o desenvolvemento dos proxectos e da mesma PXA á práctica diaria do noso centro ao longo do curso.

O seguimento realizarase segundo o modelo que se engade no **anexo XII**.

29 ANEXOS

ANEXO I: PLAN ANUAL DE LECTURA

1. Obxectivos a lograr ao longo do curso académico 2024/2025

- Implicar a todo o profesorado do centro para que poña en práctica un programa de lectura co seu alumnado (motivarase co carné de biblioteca), así como participar nos cursos de formación propostos polo centro.
- Tratar de diminuír, na medida do posible, as dificultades que presentan os alumnos e alumnas a nivel de lectura e escritura.
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non pensando unicamente a nivel mecánico, senón tamén a nivel de comprensión lectora, dende todas as áreas e materias do currículo.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de lecer e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto de lectura que se estableza no centro ou na aula.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica do seu medio.
- Promover entre o alumnado o uso cotiá da biblioteca, de xeito que adquira as ferramentas para o seu manexo eficaz, e a utilice como recurso para "aprender a aprender", así como valorar a importancia do coidado dos materiais que alí se atopan.
- Incorporar as TIC, no día a día do centro, de xeito que os alumnos/as aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analicen a información que obteñan de xeito crítico.
- Seguir co programa de formación de usuarios da biblioteca para que o alumnado se desenvolva autonomamente na achega da información. Tamén se desenvolverá un programa de formación para o profesorado.
- Potenciar actividades de escritura de textos en diferentes estilos literarios, en distintos soportes, así como na achega documental para a elaboración de traballos.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.

2. Organización de espazos e tempos para a lectura

A nivel de centro, establécese no horario a chamada "Hora de Ler-Proxecto Anual" consistente nunha sesión diaria de 20 minutos antes ou despois do período de recreo onde os distintos grupos realizan actividades e dinámicas de lectura, supervisados polo profesorado, ou de desenvolvemento do proxecto anual que implican a busca de información, lectura de textos informativos,...

Así mesmo, o alumnado de primaria e infantil conta cunha sesión semanal para acudir a biblioteca, momento no que se realizan as actividades de formación de usuarios, educación documental, así como os préstamos e devolucions de libros ou outros materiais (como xogos, películas,...).

Este espazo será utilizado para a realización de contacontos, apadriñamentos lectores, clubs de lectura, actividades de pescuda de información en diferentes soportes, xogos de mesa e educativos...

A biblioteca permanecerá aberta durante os dous períodos de recreo dentro do horario lectivo e ademais, permanecerá aberta dentro do horario non lectivo de 16:30-18:30, favorecendo ao alumnado a realización de préstamos e devolucions, traballos ou tarefas, lectura e consulta na internet, grupos de lectura,...

Atendendo a nivel de aula, realízase lectura de forma colectiva ou individual, traballando a comprensión lectora de textos. A medida que os alumnos van aumentando na competencia lectora xa poderán completar fichas de lectura co título do libro, a súa editorial, autor,... facendo ademais pequenos resumos, ofrecendo dende o Equipo de Biblioteca fichas de lectura modelo para os diferentes ciclos educativos.

En ditas aulas, tamén haberá unha biblioteca de aula, que contará cos materiais de distintos estilos literarios (narrativa, poesía, cómic, revistas,...) que seleccione cada titor ou titora dos diferentes grupos. Proponse cambiar o material cada 15 días en educación infantil e de 20 a 30 días en educación primaria.

3. Actividades a desenvolver

Sinálanse a continuación distintas actividades que se propoñen realizar e que atenden a distintos ámbitos:

- Lectura. Farase unha lista sobre recomendacións de libros relacionados co proxecto anual de centro, neste curso escolar, "Aprendemos xogando", tratando o xogo no seu senso máis amplo.
- Produción. Obradoiros de poesía, narración, teatro,... Elaboración da revista escolar, traballos documentais, proxectos, actividades interniveis, etc.
- Emprego dos recursos. Utilizaranse todos os fondos e materiais dispoñibles no centro, tanto para o momento de lecer, como para a pescuda de información. Estes recursos serán tanto libros informativos, de ficción,... como en distintos soportes e formatos.
- Recepción de apoios externos. Visitas de escritores, ilustradores, contacontos, xornalistas, lectores expertos,...
- Saídas. Visita a exposicións, librarías, bibliotecas, centros de documentación, museos, concertos didácticos,...
- Celebración de conmemoracións, coma o magosto, o día da infancia, o día da discapacidade, o entroido, o día de Rosalía de Castro, o día da muller, a semana da prensa, o día da poesía, a semana do libro, a semana das letras galegas, o día das artes galegas,... Todos eles traballaranse a nivel de aula, de centro ou ámbolos dous.
- Actividades de proxección aos membros da comunidade educativa. Actividades de formación, guías de uso da biblioteca, guías de lectura,...

O profesorado encargárase de planificar e executar o proceso de ensino aprendizaxe con respecto á comprensión lectora, á expresión escrita e sobre todo a fomentar entre o alumnado o pracer pola lectura, adecuando as estratexias pedagóxicas aos distintos niveis e ritmos de aprendizaxe favorecendo un clima axeitado, para que os alumnos e alumnas, poidan contar con enriquecedoras experiencias de lectura e escritura, dende unha intervención directa e orientada á potenciación da súa autonomía.

Atenderase, polo tanto, a todo ao proceso e non só ao resultado.

Algunhas estratexias de comprensión lectora que se van a desenvolver, tendo en conta os coñecementos previos, os obxectivos ou finalidades da lectura, divídense en tres momentos: procesos e actividades anteriores á lectura, durante a lectura e posteriores á lectura:

- Antes da lectura débese:
 - Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.

- Establecer predicións sobre o texto ou imaxe.
- Fomentar preguntas sobre o texto.
- Buscar relación con diferentes conceptos.
- Durante a lectura:
Actividades que favorecen o acceso á comprensión:
 - Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
 - Lectura exemplificadora do mestre.En actividades de lectura compartida:
 - Formular predicións sobre o texto que se está a ler.
 - Descrición de personaxes protagonistas e secundarios.
 - Facer preguntas sobre o que se liu.
 - Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.
 - Resumir as ideas principais e secundarias do texto.Prácticas de lectura independente:
 - Textos con erros para identificar.
 - Textos con lagoas para completar.
 - Textos con frases "pirata".
 - Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios.
 - "Ensalada" de textos.
- Despois da lectura:
 - Identificar a idea principal.
 - Elaborar resumos.
 - Formular preguntas, tanto de resposta literal, como "para pensar", como de elaboración propia.
 - Desenvolver actividades que fomenten a creatividade e o pensamento diverxente.
 - Realizar actividades que formen lectores críticos.
 - Inventar outros finais.
 - Aprendizaxe que obtivemos coa lectura.
 - Aproveitar as lecturas para traballar contidos curriculares.
 - Inventar preguntas sobre o texto lido.

A maiores destas actividades no centro educativo, a nivel de implicación das familias,

desfrutaremos durante todo o curso das mochilas viaxeiras.

Concretando as distintas actividades para o desenvolvemento do proxecto lector e que se foron sinalando, destacar:

ACTIVIDADE	RESPONSABLES	PERIODO
Préstamo	Titores/as e alumnado	Durante todo o curso
Lectura diaria en clase	Titores ou titoras e mestres especialistas	Ao longo de todo o curso
Selección de materiais para a biblioteca de aula	Titores ou titoras e equipo da biblioteca	Ao longo de todo o curso cada 20-30 días (1º, 2º e 3º ciclo) Ao longo de todo o curso cada 15 días (E.I.)
Catalogación de materiais	Coordinadora da biblioteca e mestras do equipo	Ao longo de todo o curso
Animación á lectura	Equipo de biblioteca, EDLG e todo o equipo docente	Ao longo de todo o curso
Formación de usuarios (alumnado e profesorado)	Equipo de biblioteca e titores	Primeiro trimestre
Educación documental	Equipo de biblioteca e titores	Ao longo de todo o curso
Celebración de conmemoracións	Titores/as, mestres especialistas, EACE, EDLG, equipo de biblioteca,...	Nas datas sinaladas para cada conmemoración
Traballos documentais	Equipo de biblioteca, EDLG, responsable das TICs, titores, titoras e mestres colaboradores	Ao longo de todo o curso
Exposicións	Equipo de biblioteca, EDLG, EACE e profesorado colaborador	Ao longo de todo o curso

Revista escolar	Todo o profesorado	Ao longo de todo o curso
Visita de contacontos, autores, ilustradores,...	Equipo de biblioteca e mestres colaboradores	Dependendo da oferta, ao longo de todo o curso
Apadriñamento lector	Comunidade educativa	Ao longo de todo o curso

4. Seguimento e avaliación

Este curso escolar preténdese realizar unha enquisa de avaliación final, para coñecer a opinión que ten o alumnado e o profesorado sobre o funcionamento da biblioteca, co obxectivo de elaborar un plan de mellora ó coñecer as necesidades que se atoparon, o grao de satisfacción con ela,... Dentro desta avaliación, está a animación á lectura, podendo opinar sobre que tipo de actividades lles pareceron máis interesantes, máis motivadoras, creativas, e tamén novas propostas que se aporten de maneira constructiva,...

Así mesmo, ao longo do curso, estableceranse reunións avaliadoras de forma periódica para analizar a evolución da biblioteca e as diferentes propostas que se fan a partir dela, establecendo, se é preciso, criterios correctores para aqueles aspectos que se deban mellorar.

Por tanto, como principais instrumentos a utilizar, sinalar:

- Datos KOHA: número de préstamos de libros, libros máis lidos, listas de agarda,...
- Observación dos procesos e dos resultados obtidos das propostas efectuadas dende a biblioteca cara a animación á lectura.
- Enquisas ou cuestionarios que servirán para a avaliación final.
- Probas de velocidade lectora ao alumnado.
- Probas de comprensión lectora e expresión escrita propostas por niveis.
- Opinión do profesorado sobre a evolución do alumnado na lectura e escritura.

Esta avaliación terá un carácter continuo, formativo e global.

Atendendo agora aos principais criterios e indicadores de avaliación, sinalar os seguintes:

- Nivel de lectura expresiva dos alumnos e alumnas. Ler con ritmo e entonación adecuados textos propios da súa idade, respectando os signos de puntuación e sen hábitos incorrectos na lectura (movemento de cabeza, sinalización co dedo ou co lapis, retrocesos,...).
- O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora, tendo en conta as medidas levadas a cabo e a súa incidencia nos resultados académicos.
- Comprensión lectora. Resumir as ideas principais dun texto, sabendo eliminar a información que non é útil para a comprensión deste.
- Escritura. Realizar resumos, esquemas ou mapas conceptuais de textos adecuados a súa idade, expoñendo de forma clara e concisa as ideas principais e sen cometer erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos.
- Escribir diferentes tipos de textos axeitados ao seu nivel, nos que exista unha secuencia lóxica na exposición das ideas, cohesión e coherencia, adecuación e sen erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos, con distintos estilos literarios (segundo o acordado para cada nivel e ciclo).
- Resolver problemas matemáticos onde teñan que inferir determinados datos e prestar especial atención á resposta correcta para a solución do problema.
- Gusto pola lectura. Para elo, guiarémonos polo número de libros lidos polos alumnos e alumnas, co fin de coñecer se lles resultan atractivos e interesantes.
- Temporalización das diferentes actuacións.

Ademais, para avaliar o grao de implicación do profesorado, a participación e colaboración das familias e a adecuación ou non deste proxecto ás necesidades do centro e da comunidade educativa, teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- Uso por parte do profesorado do horario destinado ao seu grupo dentro do horario da biblioteca.
- Uso dos carnés lectores por parte das titorías.
- Utilización dos materiais de apoio que existen na biblioteca.
- Materiais aportados polos distintos grupos para as exposicións programadas.
- Cantidade e calidade de materiais elaborados nos talleres e obradoiros.
- Grao de conformidade do profesorado co sistema de información do material da biblioteca.

- Grao de conformidade do profesorado co material existente na biblioteca e as propostas para a súa mellora.
- Grao de desenvolvemento das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixos de actuación propostos no Plan Lector.
- Posibilidade de desenvolvemento do proxecto por parte do profesorado a partir das actividades propostas.
- Grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.
- Número de libros lidos ao longo de todo o curso polo alumnado e comentarios que se fagan sobre eles.
- Valoracións realizadas polas familias á hora de seleccionar os materiais para a mochila viaxeira.
- Grao de colaboración e coordinación entre o equipo da biblioteca, o equipo de dinamización da lingua galega, o equipo de actividades complementarias e extraescolares e o equipo das TICs.
- Actividades de formación realizadas e valoración das mesmas.

As conclusións da avaliación final e as propostas de mellora, incluíranse, ao rematar o curso escolar, na memoria anual do centro, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte, e incorporalas nas liñas prioritarias de actuación, na programación xeral anual e no plan anual de lectura.

ANEXO II : PLAN ANUAL DE TIC

Programación Xeral TIC

Nesta programación pretendemos recoller as actuacións que se levarán a cabo por parte do equipo TIC no CEIP Plurilingüe de Carnota.

O propósito é dar resposta as necesidades que se presentan no centro con respecto ao uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

1. Obxectivos a lograr

- Procurar a posta en funcionamento dos equipos informáticos nas aulas, xestionando as asistencia técnicas precisas ante a UAC se os membros do equipo non o poden solventar.
- Fomentar e facilitar formación básica ao profesorado sobre cuestións de mantemento e funcionamento dos equipos.
- Asesorar a comunidade educativa sobre o aproveitamento das TIC.
- Colaborar nas actividades complementarias ou festividade e celebracións importantes para o centro tales como Revista escolar, Día da Paz, Semana das Letras Galegas, Festivais, etc.
- Actualizar, dinamizar e difundir a páxina web do centro entre a comunidade educativa.
- Colaborar na creación de recursos TIC para intervención co alumnado con NEAE.
- Fomentar un uso responsable das ferramentas TIC para apostar pola seguridade na rede.
- Difundir o Plan Dixital do centro.
- Impulsar e colaborar na posta en práctica do Plan Dixital do Centro.

2. Secuencia de contidos e actividades previstas para o desenvolvemento do proxecto por trimestres

Primeiro trimestre:

- Empregaremos a páxina web do centro como plataforma visual das actividades que se realizan no centro, ao mesmo tempo que facilitaremos a través da mesma recursos para a comunidade educativa.

- Posta en funcionamento, xestión e organización de uso dos equipos, revisión e instalación de equipos novos. Xestión das demandas de asistencia técnica.
- Elaboración de manuais, vídeo-tutoriais informativos para un correcto uso dos equipos informáticos e citando unha serie de consellos para a seguridade na rede.
- Difusión de usos educativos posibles cos equipos (páxinas web seleccionadas e programas de interese, todos libres e gratuítos).
- Avaliación do punto de partida do profesorado no relacionado coas ferramentas institucionais, netiqueta e software libre, licenzas e dereitos de autor (Plan Dixital).
- Publicación na web do Plan Dixital do Centro e difusión entre a comunidade educativa.
- Poñeranse en marcha as actividades cos diferentes grupos de Educación Infantil e Primaria, relacionadas con:
 - Contacto e coidado dos equipos informáticos.
 - Fundamentos básicos de posta en marcha, inicio e arranque das diferentes aplicacións que vamos empregando.
 - Uso das aplicacións educativas e programas didácticos, en especial, a Aula Virtual.
 - No quinto e sexto curso, introducirase tamén o uso correcto dos buscadores de Internet, así como a obtención de información das diferentes Enciclopedias On-line e buscadores temáticos.
 - O alumnado tamén usará procesadores de texto, follas de cálculo, autoeditores, e programas de creación e edición de: gráficos, medios (Cds, DVDs e memorias flash), audio e vídeo.
 - Empregaranse programas de carácter lúdico, para mellorar o uso do teclado.

Segundo trimestre:

Unha vez encarrilado o proxecto educativo nos distintos grupos, será o momento de avanzar na nosa formación e nas posibilidades da plataforma educativa da Xunta de Galicia.

Será tamén fundamental o asentamento da metodoloxía e o sistema de traballo nos diferentes grupos.

A sección educativa das TICs canalizará os diferentes problemas educativos que puideran xurdir na práctica educativa, para xerar unha maior confianza no profesorado e, ao mesmo tempo, para evitar desánimos.

Ademais, este Grupo de Traballo, xunto coa labor das coordinadoras e coordinadores de Equipo, achegará referencias e recursos a todo o profesorado para garantir o aproveitamento didáctico das TIC nos grupos.

Difusión dos recursos con carácter formativo existentes da Aula Virtual do centro.

Terceiro trimestre:

No último trimestre, poremos o acento en avaliar o grao de eficacia do proxecto, o grao de consecución dos obxectivos que nos propuxemos, a viabilidade do noso proxecto como proposta para o cambio na dinámica e a metodoloxía do labor docente. Unha vez feita esta avaliación ou valoración estableceríamos as modificacións oportunas para corrixir as posibles deficiencias detectadas. Entre outros aspectos analizarase a posta en marcha do Plan dixital do centro e o resultado das accións programadas.

Cos resultados obtidos realizaranse as achegas necesarias ao Plan Dixital do Centro coas propostas para o vindeiro curso.

3. Metodoloxía

Os principais principios de intervención que desenvolveremos son:

- Crear un ámbito motivador entre o uso do computador, as experiencias, as relacións cos demais e cos mestres/as que interveñen no proceso (ensino activo).
- A práctica docente coas novas tecnoloxías debe ir enfocada no sentido de que os alumnos/as descubran e vexan a utilidade práctica que ten para a súa vida cotiá.
- Respetaranse os contidos de cada materia, o computador axudará a coñecerlos e integralos.
- Utilizaranse as novas tecnoloxías para o desenvolvemento de capacidades e contidos tal como a sociedade require, e traballaranse deste xeito:
 - Presentarase a información de forma atractiva e variada.
 - Organizaranse os contidos de forma que sexan fáciles de comprender para os alumnos/as e de maneira estruturada.

- Utilizaranse diversidade de recursos, por exemplo, situacións modelos, cadros, gráficos, resumos ou outros para orientar no labor de análise e síntese da información.
- Posibilitarase a comunicación de docentes e alumnado entre comunidades interconectadas con Chat, listas de interese, e-mail...

4. Avaliación

Realizaremos unha avaliación inicial que identifique:

- O estado dos equipos e os coñecementos previos que posúe a comunidade educativa.
- A actitude cara ao proceso de implantación das TIC.
- Os coñecementos que ten o profesorado no uso das ferramentas institucionais, netiqueta e software libre, licenzas e dereitos de autor.

Realizaremos unha avaliación formativa continua que nos indique:

- Se se van logrando os obxectivos propostos nas distintas áreas do coñecemento (seguimento habitual).
- Se o alumnado vai adquirindo as habilidades básicas marcadas no uso do recurso informático:
 - Uso dos elementos do computador.
 - Manexo de programas didácticos.
 - Navegación pola web.
 - Uso de ferramentas básicas: procesador de textos, programa para debuxar, programa para editar fotografías, uso do correo electrónico e consulta de enciclopedias e buscadores.
- Establécese a correspondencia adecuada entre as aprendizaxes das distintas áreas e o uso dos recursos informáticos.

Para rematar, realizarase unha avaliación final que será o resultado de analizar todo o proceso de avaliacións continuas feitas.

Computadores na aula de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe:

O alumnado de Pedagogía Terapéutica contará con equipos variados (ordenadores, tablets,...) para poder usar os programas informáticos interactivos máis adecuados tanto en Internet, Linux - Abalar ou Windows.

Utilizando a metodoloxía TIC no tratamento coas NEAE permítenos crear un banco de recursos importante e moi motivador para o alumnado.

ANEXO III: GARDAS

O cadro de substitucións e gardas estará a disposición da comunidade educativa en Xefatura.

CADRO DE GARDAS E SUBSTITUCIÓN

En caso de faltar dous ou máis mestres, será preciso xuntar o alumnado das aulas correspondentes por falta de profesorado para substituír.

QUENDAS DE RECREO / HORA DE LER

Por necesidades organizativas do centro, a fin de poder garantir ao alumnado instalacións a cuberto no caso de mal tempo e disfrutar do seu tempo de lecer, contemplamos dous períodos de 25 cinco minutos cada un para adicalos a recreo e "Hora de Ler".

GARDAS DE ENTRADAS E SAÍDAS

Delimitaranse catro zonas onde estará de garda un mestre/a.

GARDAS DE TARDE (VENRES)

As gardas de tarde dos venres, a fin de completar horario, faranse de 16.30 a 18.30 de xeito rotativo.

ANEXO IV: SEGUIMENTO TRIMESTRAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Análise, seguimento e avaliación do Proxecto Lingüístico	Si/ Non	Observacións/ Propostas de mellora
As actividades e actuacións programadas para a dinamización da lingua galega son axeitadas.		
A competencia lingüística do alumnado é normalizada nas dúas linguas.		
O uso do galego é habitual no centro e conta cunha valoración positiva o emprego desta lingua.		
Entre o alumnado, atópanse desprezos cara o galego por considerala unha lingua inferior.		
As actividades deseñadas para o desenvolvemento da competencia lingüística son axeitadas.		
Os resultados obtidos nas diferentes probas curriculares en relación a competencia lingüística son axeitados.		
As medidas adoptadas para os/as alumnos/as con dominio insuficiente nas linguas son suficientes (RE, apoios,...).		

ANEXO V: SEGUIMENTO TRIMESTRAL DO PROXECTO LECTOR

Análise, seguimento e avaliación do Proxecto Lector	Si/ Non	Observacións/ Propostas de mellora
Os obxectivos en relación ao fomento da lectura, escritura e habilidades informativas son axeitados. Grao de consecución dos obxectivos propostos.		
As actividades programadas, os espazos utilizados e a temporalización adicada a dinamización da lectura acadaron resultados satisfactorios.		
As actitudes, a implicación e a motivación do alumnado, profesorado e familias cara o fomento da lectura son favorables (mochilas viaxeiras, carné lector, club de lectura,...).		
Uso por parte do profesorado do horario destinado ao seu grupo dentro do horario da biblioteca.		
Obsérvase mellora na búsqueda de materiais na biblioteca coa formación de usuarios.		
Emprégase a biblioteca e o uso das novas tecnoloxías para o fomento da lectura e como fonte de libros de distintos estilos.		
Cantidade e calidade de materiais elaborados nos talleres e obradoiros.		
O material existente na biblioteca é axeitado para todo o alumnado.		
Obsérvase mellora na consolidación de hábitos de lectura.		
Realizáronse diferentes probas de lectura, comprensión e expresión para observar o grao de mellora.		

ANEXO VI: SEGUIMIENTO TRIMESTRAL DO PLAMBE

Análise, seguimento e avaliación do PLAMBE	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
Número de libros e materiais catalogados con KOHA.		
Fanse propostas motivadoras para o alumnado durante os momentos de lecer (recreo).		
As actividades planificadas polo equipo da biblioteca son axeitadas para o alumnado.		
O alumnado implícase nas actividades propostas dende a biblioteca.		
O profesorado participa de maneira activa nas actividades que propón a biblioteca escolar.		
Utilización da biblioteca por parte dos titores co seu grupo de alumnos.		
Realizáronse as actividades de formación documental.		
Axústanse os materiais das mochilas ás necesidades e gustos do alumnado e familia.		
O alumnado participa no club de lectura organizado polo equipo de biblioteca en colaboración cos titores.		
O material existente na biblioteca é axeitado para o alumnado e para o desenvolvemento do proxecto deste curso.		

ANEXO VII: SEGUIMENTO TRIMESTRAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

Análise, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
Hai alumnado enviado á aula de convivencia.		
Ficha de reflexión e compromiso do alumno/a.		
Valoración das solucións dadas a diferentes dificultades acontecidas.		
Control de tarefas realizadas na Aula de Convivencia.		
Valoración do Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade escolar sobre o acoso escolar e os perigos de internet.		
Obsérvanse resultados positivos na convivencia do alumnado logo da posta en marcha do programa de habilidades sociais.		

ANEXO VIII: SEGUIMIENTO TRIMESTRAL DO PROXECTO DAS TIC

Análise, Seguimento e Avaliación do proxecto das TICs	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
O alumnado acada os niveis axeitados en competencia dixital e en habilidades informáticas que se establecen no proxecto.		
As actividades e os recursos empregados son axeitados.		
As actuacións formativas programadas para os/as mestres/as son satisfactorias.		
A aula de TIC emprégase para a realización de tarefas sen acceso a internet.		
Os fondos da biblioteca seguen a ser catalogados co programa KOHA.		
Os novos terminais de acceso a información a través da rede ubicados na biblioteca contan cunha gran acollida entre o alumnado.		
Os/as mestres/as préstanse a realizar actividades co encerado dixital interactivo		
O mantemento dos equipos informáticos está actualizado.		

ANEXO IX: SEGUIMENTO TRIMESTRAL DO PROXECTO PLURILINGÜISMO

Análise, seguimento e avaliación de plurilingüismo	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
As actividades e actuacións programadas para a dinamización das seccións bilingües son axeitadas.		
Utiliza exclusivamente a lingua estranxeira.		
Participación nas reunións semanais de coordinación.		
Refórzase fundamentalmente as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira.		
O centro conta con auxiliar de conversa.		
Aspectos positivos e negativos.		
Propostas de Mellora.		

ANEXO X: SEGUIMIENTO TRIMESTRAL DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Análise, seguimento e avaliación do proxecto	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
Ao longo deste trimestre realizouse algún simulacro de evacuación.		
Valoración dos aspectos positivos e negativos logo de analizar o simulacro.		
A formación impartida pola empresa encargada da revisión do Plan de Autoprotección é a axeitada.		
Propostas de mellora.		

ANEXO XI: LIBROS DE TEXTO

LISTADO DE LIBROS – CURSO 2024/25 CEIP DE CARNOTA

(Revisado e aprobado en Consello Escolar do 29 de maio de 2023)

No 2º ciclo de E.Infantil, non se empregará libro.

1º Curso

Importante:

En 1º e 2º de EP, empregárase nalgunhas materias cadernillos da mesma proposta didáctica, especialmente nas materias de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza, onde o formato libro resultou complicado para o alumnado, de acordo coa editorial.

Área	Título	Autor/a	Editorial	ISBN	Ano de publicación
Lingua galega	Lingua 1 Comunidade Zoom	Varios	Vicens Vives	9788468283180	2022
Lengua castelana	Lengua 1 Comunidad Zoom	Varios	Vicens Vives	9788468283913	2022
Inglés	All About Us Now 1 Class Book with Digital Book		Oxford	9780194074223	2022
	All About Us Now 1 Activity Book with Digital Book Essential		Oxford	9780194079686	2022
Ciencias Naturais	Ciencias da Natureza 1 Comunidade Zoom		Vicens Vives	9788468264349	2022
Ciencias Sociais	Ciencias Sociais 1 Comunidade Zoom		Vicens Vives	9788468285429	2022
Matemáticas	Matemáticas 1 Comunidad Zoom		Vicens Vives	9788468280998	2022
Música e Danza	Melodía 1		GALINOVA	978-84-9737-222-0	
Relixión	Relixión CATÓLICA 1 COMUNIDAD LANIKAI		Vicens Vives	9788468256887	2022
Educación Plástica e Visual	ARTS & CRAFTS 1, caderno		ANAYA	978-84-143-1315-2	

Libro Relixión Católica: non se vai empregar, non mercar.

Os libros e cadernos de música e danza e Ed. plástica e visual, non mercar ata a incorporación da persoa especialista.

2º Curso

Área	Título	Autor/a	Editorial	ISBN	Ano de publicación
Lingua galega	Lingua 2 Comunidade Zoom	Varios	Vicens Vives	9788468292878	
Lengua castellana	Lengua 2 Comunidad Zoom	Varios	Vicens Vives	9788468291932	
Inglés Big Surprise 2CB+MROM ALL ABOUT US 2 CB PK	All About Us Now 2 Class Book with Digital Book		Oxford	9780194074438	
	All About Us Now 2 Activity Book with Digital Book Essential		Oxford	9780194079730	
Ciencias Naturais	Ciencias da Natureza 2 Comunidade Zoom	C. Flo Esteve	Vicens Vives	9788468292496	
Ciencias Sociais	Ciencias Sociais 2 Comunidade Zoom	C. Flo Esteve	Vicens Vives	9788468292526	
Matemáticas	Matemáticas 2 Comunidad Zoom	J. Fraile Martín	Vicens Vives	9788468291840	
Música e Danza	Melodía 2		GALINOVA	978-84-9737-238-1	
Relixión	Relixión CATÓLICA 2 COMUNIDAD LANIKAI		Vicens Vives	9788468292090	
Educación Plástica e Visual	ARTS & CRAFTS 2 , caderno		ANAYA	9788414313190	

Libro Relixión Católica: non se vai empregar, non mercar.

Os libros e cadernos de música e danza e Ed. plástica e visual, non mercar ata a incorporación da persoa especialista.

3º Curso

Área	Título	Autor/a	Editorial	ISBN	Ano
Lingua galega	<i>Operación Mundo</i>		Anaya	978 84 698 9948-9	
Lengua castellana	<i>Operación Mundo</i>		Anaya	978 84 698 9915-1	
Inglés	<i>All About Us Now 3 Class Book with Digital Book</i>	VV.AA	Oxford	9780194074650	
		VV.AA	Oxford	9780194079792	
	All About Us Now 3 Activity Book+ ALK with Digital Book Essential				
Ciencias da Natureza	Construíndo mundos	Obradoiro	Santillana	978-84-9185-410-4	
Ciencias Sociais	Construíndo mundos	Obradoiro	Santillana	978-84-9185-416-6	
Matemáticas	Matemáticas 3 Comunidad Zoom		Vicens vives	9788468282831	

Área	Título	Autor/a	Editorial	ISBN	Ano
Música e Danza	Melodía 3		GALINOVA	978-84-9737-223-7	
Música Caderno	Caderno Música 3		Galinova	978-84-9737-225-1	
Plástica e Visual	ARTS&CRAFTS PRIMARY 3, caderno		ANAYA	978-84-143-1323-7	
Relixión	Relixión CATÓLICA 3 COMUNIDAD LANIKAI		Vicens Vives	9788468283166	

Libro Relixión Católica: non se vai empregar, non mercar.

Os libros e cadernos de música e danza e Ed. plástica e visual, non mercar ata a incorporación da persoa especialista.

4º Curso

Área	Título	Autor/a	Editorial	ISBN	Ano
Lingua galega	Operación Mundo		Anaya	9788414319635	
Lengua castellana	Operación Mundo		Anaya	9788414319291	
Inglés	All About Us Now 4 Class Book with Digital Book		Oxford	9780194074803	
	All About Us Now 4 Activity Book+ ALK with Digital Book Essential		Oxford	9780194079792	
Ciencias da Natureza	Construíndo mundos	Obradoiro	Santillana	978-84-9185-692-4	
Ciencias Sociais	Construíndo mundos	Obradoiro	Santillana	978-84-9185-698-6	
Matemáticas	Matemáticas 4 Comunidad Zoom		Vicens vives	9788468291857	
Música e Danza	Melodía 4		GALINOVA	978-84-9737-239-8	
Música Caderno	Caderno Música 4		Galinova	978-84-9737-241-1	
Relixión	Relixión CATÓLICA 4 COMUNIDAD LANIKAI		Vicens Vives	9788468292106	
Educación Plástica e Visual	ARTS & CRAFTS 4, caderno		ANAYA	9788414330821	

Libro Relixión Católica: non se vai empregar, non mercar.

Os libros e cadernos de música e danza e Ed. plástica e visual, non mercar ata a incorporación da persoa especialista.

5º Curso

Implantación EDIXGAL. Non hai que mercar libros.

Material: Sinalamos o Activity Book de Inglés, que ten a consideración de material.

<i>Área</i>	<i>Título</i>	<i>Autor/a</i>	<i>Editorial</i>	<i>ISBN</i>	<i>Ano de publicación</i>
Activity (material)	All About Us Now 5 Activity Book+ ALK with Digital Book Essential	VV.AA	<i>Oxford</i>	9780194079822	

6º Curso

Implantación EDIXGAL. Non hai que mercar libros.

Material do alumnado

<i>Área</i>	<i>Título</i>	<i>Autor/a</i>	<i>Editorial</i>	<i>ISBN</i>	<i>Ano de publicación</i>
Inglés material	All About Us Now 6 Activity Book+ ALK with Digital Book Essential	Sue Mohamed	Oxford	9780194079853	

ANEXO XII: SEGUIMIENTO TRIMESTRAL DA PXA 2024/25

Análise, seguimento e avaliación da PXA	Si/Non	Observacións/ Propostas de mellora
Os obxectivos xerais son axeitados e viables.		
As actividades a levar a cabo e a temporalización adicada son axeitadas.		
Os recursos empregados para levar a cabo os diferentes aspectos da PXA están ben organizados e distribuídos.		
A dirección do centro dá a coñecer todos os proxectos e plans que existen no centro.		
Valoración do grao de implicación dos profesores, familias e axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.		
Aspectos positivos e negativos.		
Propostas de mellora.		

ANEXO XIII: PROXECTO ANUAL

1. Xustificación

Este proxecto anual titulado: “**Aprendemos xogando**”, presenta como centro de interese o xogo na súa versión máis ampla. A elección deste xorde da importancia de entendelo como unha actividade esencial no desenvolvemento dos nenos/as, xa que a súa relevancia vai máis alá que o sinxelo entretemento. No contexto educativo, o xogo eríxese como unha ferramenta poderosa que promove a aprendizaxe integral e o desenvolvemento das competencias claves nos nosos alumnos/as.

Dende unha perspectiva interdisciplinar, o xogo infantil abarca diversas áreas do coñecemento e o desenvolvemento persoal. A través del, desenvólvense habilidades cognitivas, emocionais, sociais e físicas que son fundamentais para o seu crecemento e éxito futuro. Concretando estes aspectos, o xogo contribúe a:

- **Desenvolvemento cognitivo.** Estimula a creatividade, o pensamento crítico e a resolución de problemas. Xogos de construción, quebracabezas e actividades lúdicas favorecen a capacidade de concentración, a memoria e a lóxica matemática.
- **Desenvolvemento emocional.** Participar nos xogos permite aos pequenos/as expresar e xestionar as súas emocións de maneira saudable. Aprenden a superar a frustración, a celebrar os logros e a empatizar cos demais, o que fortalece a súa intelixencia emocional.
- **Desenvolvemento social.** A través dos xogos en equipo, os alumnos/as aprenden a traballar en grupo, a comunicarse efectivamente e a respectar quendas e regras. Estas interaccións fomentan o desenvolvemento de habilidades sociais cruciais para a convivencia e o traballo colaborativo.
- **Desenvolvemento físico.** O xogo activo, que inclúe actividades como correr, saltar e bailar, é fundamental para o desenvolvemento motor e a saúde física dos nenos/as. Ademais, contribúe a establecer hábitos saudables que perdurarán ao longo das súas vidas.
- **Educación en valores.** O xogo tamén é un medio para transmitir valores fundamentais como o respecto, a cooperación, a tolerancia e a responsabilidade. Mediante xogos educativos e actividades dirixidas, podemos inculcar aos nenos/as principios éticos que guiarán o seu comportamento dentro e fóra da aula.

Por todo elo, este proxecto interdisciplinar ten como obxectivo integrar o xogo nas nosas prácticas pedagóxicas, deseñando actividades que, ademais de ser divertidas e motivadoras, enriquezan a aprendizaxe nas distintas áreas curriculares. A través da colaboración entre as distintas disciplinas, ofreceremos aos nosos alumnos/as unha educación integral e significativa, que lles permita desenvolverse plenamente en todos os aspectos da súa vida.

En relación a este e co obxectivo de atender a todas as necesidades educativas presentes no centro, remarcar a importancia do xogo como elemento terapéutico, o cal lle brinde a este alumnado diferentes formas de aprendizaxe adaptadas as súas características, necesidades, intereses,... que contribúan ao seu desenvolvemento integral.

En resumo, o xogo non é só unha actividade recreativa, senón un elemento esencial na educación e o desenvolvemento infantil. Ao integrar o xogo no contorno escolar, estamos proporcionando aos nosos alumnos/as as ferramentas necesarias para converterse en individuos competentes, felices e equilibrados. Este proxecto interdisciplinar é unha invitación a redescubrir o valor do xogo e a aproveitar todo o seu potencial educativo en beneficio dos nenos/as.

2. Relación coas distintas áreas/competencias

Competencia en Comunicación lingüística (CCL):

- Mellorar a velocidade e eficacia lectoras.
- Extraer información dun texto para favorecer a comprensión oral ou escrita do mesmo.
- Expresarse correctamente de xeito oral e escrito.
- Incrementar o vocabulario (identificación do nome de distintos xogos, instrucións,...) e empregar correctamente as normas ortográficas.
- Construír textos adecuados a cada idade ou nivel, como son regras.
- Expoñer de forma oral distinto contido ante os compañeiros/as.
- Elaborar diversos materiais para expoñer información como xogos populares, de mesa,... : murais, trípticos,...
- Fomentar a conciencia fonolóxica mediante rimas, retahílas, xogos de palabras,...

Competencia plurilingüe (CP):

- Comprender e utilizar distintas linguas orais e/ou signadas.

- Utilizar diferentes tipos de linguaxes (verbais, non verbais, visuais e plásticas, musicais, mímica e expresión corporal...) para expresarnos.
- Adquirir palabras significativas das distintas linguas cooficiais.
- Valorar a importancia das linguas cooficiais como transmisoras de cultura.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

- Interpretar datos, enquisas, probabilidade e gráficas.
- Adquirir nocións topolóxicas relacionadas con mapas, planos,...
- Desenvolver habilidades espazo-temporais.
- Achegarse a distintas formas e corpos xeométricos.
- Facer medicións (achegarse a escala) e utilizar as unidades máis axeitadas para expresar os resultados.
- Realizar cálculos e problemas matemáticos.
- Plantexar hipóteses e realizar pequenos experimentos científicos.
- Utilizar distintos recursos naturais para desenvolver xogos.
- Valorar a importancia da reutilización de recursos para a fabricación de xogos e xoguetes.

Competencia dixital (CD):

- Elaborar traballos en soporte informático (procesador de textos, presentacións multimedia, etc).
- Facer uso das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo a través da páxina web, aula virtual do centro e libro dixital (5º e 6º curso de primaria, participación no programa E-dixgal).
- Empregar as novas tecnoloxías para a búsqueda, obtención e procesamento da información empregando unha análise crítica desta.
- Utilizar a cámara fotográfica, teléfono móbil,... para a captura de fotos nos seus tempos de lecer, para despois compartir estas cos seus compañeiros/as.
- Formarse como usuarios dixitais (dereitos de imaxe e de cita, recursos REA , licenzas creative commons,...), facer un uso correcto das redes sociais, ter en conta unhas normas básicas en canto a ciberseguridade e ser conscientes dos riscos de internet.
- Achegarse a decodificación e programación, empregando LEGO, robots,...

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):

- Interpretar o erro non como fracaso senón como oportunidade de aprendizaxe.
- Ter tolerancia á frustración.
- Proporcionar ferramentas e estratexias que faciliten o traballo autónomo.
- Anticiparse aos resultados tendo en conta os indicios ou feitos previos.
- Adoptar posturas críticas en procesos de reflexión guiados.
- Fomentar o xogo cooperativo.
- Analizar de xeito crítico as informacións recibidas.
- Respetar as normas dos xogos desenvolto.

Competencia cidadá (CC):

- Recoñecer xogos populares de distintos lugares.
- Identificar xogos tradicionais da nosa contorna.

Competencia emprendedora (CE):

- Primar o "esfuerzo" fronte as aptitudes para a consecución dun obxectivo.
- Participar de xeito activo nos xogos propostos.
- Favorecer actitudes positivas e de superación persoal.
- Propoñer ideas de creación de xogos, modificación destes,..
- Colaborar e traballar en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):

- Recoñecer a importancia do xogo como elemento do patrimonio cultural e tradicional.
- Darlle visibilidade a xogos de tradición oral.
- Difundir a súa contorna distintos xogos.
- Relacionar xogos tradicionais con festas populares.

3. Programación de actividades

Todas as actividades programadas desenvolveranse a través dunha metodoloxía lúdica. A continuación, expóñense algunhas propostas de traballo:

Ao longo de todo o curso escolar:

- Exposición de libros informativos relacionados coa temática dos xogos.

- Exposición da distinta información elaborada por cada aula sobre o tema no corredor do centro. A través deste proceso cooperativo, todos aprenden de todos.
- Subida ao longo de todo o curso de distintas actividades interactivas á páxina web do centro e ao instagram da biblioteca.

Actividades puntuais:

Lectura e comprensión:

- Instrucións, normas,... de xogos.
- Cancións, retahílas, rimas,...
- Información de xogos: orixe, evolución,...

Expresión oral e escrita:

- Xogos interactivos con preguntas.
- Elaboración das propias instrucións de xogos inventados polos nenos/as.
- Creación de retahílas, rimas, cancións,...
- Fichas resumo.
- Explicación dos xogos duns nenos/as a outros dentro do mesmo nivel ou internivel.
- Adquisición de novo vocabulario.
- Recompilar distintas cancións que acompañan aos xogos.
- Cantar as cancións recollidas, retahílas, rimas,...

Expresión visual e plástica:

- Creación e recreación de diversos xogos: material, taboleiros,...
- Elaboración de recursos a partir de material de refugallo.
- Creación de producións plásticas (debuxos, murais,...) alusivas.

Topografía:

- Xogos de orientación.
- Buscas de tesouros.

Tradición:

- Busca de información de xogos tradicionais da contorna.
- Indagación de xogos típicos doutros lugares, culturas,...
- Investigar e cantar distintas rimas, retahílas, cancións,...

Actividades lúdicas:

- Posta en marcha dos distintos xogos: tradicionais, creados polos nenos/as, actuais,...
- Realización de actividades internivel.
- Introducción dos xogos no tempo de lecer (patios dinámicos).

Inclusión:

- Adaptación das distintas modalidades do xogo ás características e necesidades do alumnado.
- Emprego de SAAC á hora de poñer en marcha os xogos, exposicións,...

4. Recursos de interese

Entre os recursos que empregaremos, cabe sinalar:

- Google Maps.
- Visualización de vídeos explicativos.
- Xogos interactivos creados polo profesorado.
- Wikipedia.
- Libros informativos ou de consulta.
- Xogos.
- Material manipulativo.
- Material de refugallo.
- Ferramentas dixitais.
- ARASAAC.

Destacar os recursos persoais, como son as persoas da contorna do alumnado, tan importante para a tradición oral: xogos, cancións,...

ANEXO XIV: PLAN DE IGUALDADE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTFOBIA
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:
 - 4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES
 - 4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 4.3 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS
 - 5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 5.2 ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DE VALORES E SABERES
 - 5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO
 - 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O CEIP de Carnota, como centro educativo público desenvolve a a súa acción educativa dacordo os valores da democracia, igualdade de oportunidades e por suposto igualdade de xénero.

Na lexislación educativa vixente veñen recollidas varias medidas de obrigado cumprimento para os centros educativos coma o nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, a activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, a concreción de obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa, a concreción de obxectivos dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado ou a promoción dunha educación libre de estereotipos de xénero.

Atopámonos polo tanto cunha cuestión normativa e de obrigado cumprimento, ademais de totalmente necesaria, inherente ao sistema educativo (educar na igualdade, no respecto á diversidade e dende a perspectiva de xénero).

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O CEIP de Carnota está situado nunha vila mariñeira próxima á costa da morte. No noso entorno rural e mariñeiro o papel da muller sempre foi de gran relevancia, mais non ausente dos grandes estereotipos e funcións asignados á muller tradicionalmente (crianza, coidado da casa...) que en grande medida se seguen a reproducir.

A igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia machista e o respecto pola diversidade afectivo-sexual son temáticas de preocupación para o noso Claustro e aparecen recollidas nos distintos documentos de centro, Proxecto Educativo (PE), Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC), Plan de Convivencia e Plan de Acción Titorial (PAT) cos obxectivos xerais como os seguintes:

- Educar no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia no centro, a implicación das familias e a igualdade entre homes e mulleres.

- Formar aos alumnos/as no respecto á dignidade persoal, na tolerancia, na non discriminación e no exercicio da liberdade responsable.
- Fomentar o coñecemento e aceptación dun mesmo/a.
- Favorecer o desenvolvemento de tódolos aspectos da personalidade do alumno/a contribuíndo a unha educación individualizada que respecte os intereses e aptitudes de cada alumno/a.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTFOBIA

(En proceso). Están a recollese enquisas das familias, profesorado e alumnado das que recolleremos as conclusións.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:

4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

- Visibilizar o papel da muller na historia e na actualidade.
- Analizar de maneira crítica a presenza/ ausencia de mulleres na vida cotiá, cultural, nos libros de texto e outros materiais escolares.

4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Contribuír coa concienciación da Comunidade educativa sobre a presenza da violencia machista no contorno próximo e global.
- Ofrecer ao alumnado información sobre o protocolo a seguir no caso de detectar un caso de violencia machista na casa e na escola.

4.3 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Coñecer diferentes modelos de diversidade afectivo-sexual (heterosexual, homosexual, bisexual, transexualidade).
- Coñecer a realidade do colectivo transexual en Galicia.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS

5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Favorecer a representación de homes e mulleres equitativa nos órganos de decisión e representación. O noso Claustro está formado por 17 profesores/as dos ca-

les só 2 son homes. No resto de órganos a totalidade ou maioría son mulleres.

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
- Difundir o Plan entre os distintos axentes da Comunidade Educativa.
- Promover a formación do profesorado, alumnado e familia en materia de igualdade. Promoverase este curso actividades desde a Escola de Familias.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria. Procúrase empregar unha linguaxe inclusiva tanto a nivel oral coma nas notas e documentos oficiais.
- Colaborar con entidades na realización de actividades coeducativas. O pasado curso colaborouse coa campaña *En negro contra a violencia* do Concello, unha campaña sobre igualdade da Deputación de A Coruña, así como iniciativas de asociacións e entidades próximas
- Concretar actividades arredor de datas coeducativas. Ademais de traballar nas aulas mediante lecturas, debates, visionados de fragmentos de curtas e/ ou películas, análise de cancións, creación propia de cancións por arte do noso mestre de Educación Musical (*Non son os golpes o que máis doe* ou *Muller tiña que ser*) co gallo do 8 de marzo e 25 de novembro adoitamos realizar actos simbólicos no colexio ou na Praza do concello.
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover a revisión do material curricular con perspectiva de xénero.

5.2 ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DE VALORES E SABERES

- Revisaranse as programacións didácticas e a práctica docente incluíndo ás mulleres en cada ámbito do saber.
- Revisarase o material didáctico empregado na aula (valores, normas, selección de contidos, das imaxes, da linguaxe,...).
- Realización de actividades de sensibilización nas aulas e coas familias.

5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Creación do "corcho lila" no que recolleremos informacións e actividades relevantes sobre igualdade entre homes e mulleres.
- Promoción de lecturas coeducativas dende a Biblioteca escolar. Contamos cunha sección específica na biblioteca ("Nenas que voan alto").

- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais (a música que se pon nos recreos, actos, festivais,... non incluírá mensaxes machistas).
- Organizar o espazo do patio de xeito que a actividade de fútbol ocupe só a pista. No noso colexio varias nenas son aficionadas a este deporte e seguirase fomentando a participación de nenas e mestras, ademais de propoñer outro tipo de actividades.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, de coidado do medio ambiente.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
- Analizar os propios prexuizos.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Serán elaborados instrumentos de avaliación para avaliar o desenvolvemento deste Plan, que será valorado polas familias, profesorado e alumnado ofrecendo unhas propostas de mellora, de xeito que se poidan incorporar e ter en conta para o vindeiro curso.

ANEXO XV: PLAN XERAL ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO ESCOLAR 2024-2025

ÍNDICE

1.- Xustificación baseada no contexto

1.1. Introducción

1.2. Lexislación específica da orientación.

1.3. Contexto do centro

1.3.1 Etapas educativas

1.3.2 Situación socio-xeográfica

2.- Identificación e valoración das necesidades

2.1. Valoración xeral

2.2. Alumnado que recibe apoio de P.T. e A.L.

3.-Obxectivos

4.-Metodoloxía

5.- Descrición das liñas de actuación prioritaria, medidas e programas para a atención á diversidade:

5.1. Medidas preventivas

5.2. Medidas destinadas ás NEAE

6.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.

6.1. Humanos

6.2. Materiais

6.3. Organizativos

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

7.1. Actuación do Profesorado de Apoio

7.1.1. Obxectivos Xerais:

7.1.2.Obxectivos Específicos:

7.1.3.Liñas Prioritarias de Actuación

7.2. Departamento de Orientación

7.2.1.0 Departamento de Orientación

7.2.1.1. Composición

7.2.1.1.1 Compoñentes do CEIP de Carnota

7.2.1.2 Compoñentes dos centros adscritos

7.2.2 Reunións

7.2.2.1 Reunións cos/as compoñentes do CEIP

7.2.3. Reunións coas compoñentes das EEI

7.2.2.3 Reunións coa xefa do DO do IES

7.2.1.2. Función do Departamento de Orientación:

7.3.Xefe do Departamento de Orientación

8.Canles de colaboración cos pais, nais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

8.1. Principais servizos externos ao centro

8.2. IES Lamas de Castelo.

9. Proceso de seguimento e avaliación do Plan.

10. Anexos.

- ANEXO 1: Plan de intervención PT/AL.

1.- Xustificación baseada no contexto.

1.1. Introducción.

O plan de actividades do departamento de orientación é o instrumento de planificación unitario e coherente, que seguindo a normativa vixente, recolle e sistematiza toda a actividade que o departamento levará a cabo, compartindo tarefas e colaborando con todos os implicados na comunidade educativa. Os seus ámbitos propios de actuación fan referencia principalmente ao apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, e ao apoio do Plan de Acción Titorial.

Abrangue todas as etapas que se imparten no centro e as actuacións desenvólvense maioritariamente nos plans correspondentes de cada ámbito, que están incluídas na Planificación Xeral Anual do Centro.

A práctica orientadora debe ser o resultado da análise das características específicas do contexto sobre o que temos que actuar: a orientación como parte integrante da actividade educativa, nunha liña basicamente preventiva e orientada ao desenvolvemento do suxeito. Prevención, desenvolvemento e intervención como principios esenciais da acción orientadora.

1.2. Lexislación específica da orientación.

- **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).**
- **Decreto 120/1998** que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de Xullo de 1998**, que establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011** do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.3. Contexto do centro.

1.3.1 Etapas educativas.

O centro imparte ensinanzas correspondentes ao 2º ciclo da etapa de educación infantil e a etapa de Educación Primaria. Conta cunha aula por nivel. En total nove niveis educativos, nos que se escolarizan arredor de 130 alumnos/as.

O Departamento de Orientación é compartido co CEIP O Pindo.

1.3.2 Situación socio-xeográfica.

Explicitada no Proxecto Educativo.

2.- Identificación e valoración das necesidades.

2.1. Valoración xeral.

A nivel xeral as principais dificultades que atopamos no noso centro están relacionadas cos hábitos de traballo así como dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. Poderíase dicir que existe unha relación directa entre estes dous factores sendo o principal foco de traballo ao longo do presente curso.

A actuación sobre estas dificultades terá un carácter preventivo e integrador traballándose de xeito conxunto e progresivo. Para levar a cabo esta atención será preciso contar coa participación de todo o profesorado, o cal deberá establecer unha liña de traballo común que permita a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe e permita asentar unhas bases sólidas para diminuír as dificultades que atopamos no centro a nivel xeral.

Nos últimos cursos estamos a detectar tamén dificultades relacionadas coa atención e motivación do noso alumnado.

2.2. Alumnado que recibe apoio de PT e AL (VER PLAN DE INTERVENCIÓN PT/AL).

Ademais das necesidades a nivel xeral que mencionamos no punto anterior debemos destacar de xeito específico a aquel alumnado que precisa dunha intervención educativa máis individualizada ou que precisa dunha atención e un seguimento máis polo miúdo. Ao igual que no caso anterior pódense dar fluctuacións no alumnado ao longo do curso, aínda que en certos casos as necesidades atopadas poden considerarse como permanentes. Ao longo dos últimos anos, o centro presenta entre un 30 e un 35% de alumnado con neae ou en situación de vulnerabilidade.

Entre as necesidades de tipo permanente destacamos:

Necesidades educativas especiais (asociadas a discapacidade):

- 1 alumno de 1º ciclo de EP de EP que presenta TEA.
- 1 alumno de 2º ciclo de EP con síndrome de Gand asociado a discapacidade.
- 1 alumno de 1º ciclo de EP que presenta TEL.

Os dous primeiros non desenvolveron polo momento unha linguaxe oral funcional. O último precisa apoio en tódalas dimensión da linguaxe, tanto a nivel comprensivo como expresivo.

Táboa de NEAE:

NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)	Alumnado con necesidades significativas en cada aula								
	4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
NEE - Necesidades educativas especiais			1	2	2	1			
Trastornos do desenvolvemento en Discapacidade Intelectual						1			
Trastorno do espectro autista (TEA)			1		1				
Trastornos graves da comunicación e da linguaxe					1				
Trastornos moderados da comunicación e da linguaxe				1					
Outros trastornos do neurodesenvolvemento				1					
IT - Integración tardía no sistema educativo español							1		
Atención educativa transitoria para facilitar inclusión, recuperar desfase curricular ou dominio da lingua vehicular							1		
Outras necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)				2			2	3	3
Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación. Trastornos disléxicos.				1				1	1
Trastornos de atención							2	1	1
Trastornos de aprendizaxe									

Vulnerabilidade socio-educativa.				1				1	1
TOTAIS POR AULA	4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
NEE			1	2	2	1	3	3	2
NEAE				2					
TOTAL			1	4	2	1	3	3	2

Esta relación de necesidades é revisada e actualizada periodicamente coa finalidade de dar a mellor atención posible ao alumnado do centro e establecer prioridades de intervención favorecendo a aquel alumnado que presente maiores dificultades.

3.-Obxectivos

A nivel xeral seguiremos os obxectivos establecidos no Plan de Orientación. Estes obxectivos diríxense a toda a comunidade educativa, adaptándose cada curso en función das necesidades existente e das decisións tomadas pola CCP e o Claustro.

Destacamos aqueles obxectivos referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe:

- Asesorar ao equipo directivo e ao profesorado sobre as medidas educativas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade e a necesidade da súa implantación para poder atender á diversidade do alumnado.
- Colaborar cos equipos docentes na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas no grupo ou nalgún alumno ou alumna.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte a diversidade multicultural.
- Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento de medidas de carácter preventivo e compensador das Necesidades Específicas de Apoio Educativo: reforzo educativo, adaptación curricular, agrupamentos específicos, apoios puntuais...
- Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades e características de cada alumno/a, dun pequeno grupo ou dun grupo-clase.

- Colaborar cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa.
- Promover actividades que impliquen a colaboración entre o centro e as familias.
- Asesorar e elaborar guías orientativas para o desenvolvemento das sesións de avaliación, na procura de actuacións que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
- Colaborar e coordinarse cos diferentes servicios que colaboran no ámbito da orientación
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.

Outros obxectivos destacados, referentes a diferentes ámbitos de actuación do departamento son:

- Coordinar as actividades titoriais, asegurando a coherencia no desenvolvemento do plan de acción tutorial nos distintos niveis educativos, e favorecendo a formación do titor/a para que poida desempeñar as súas funcións adaptándose ás características do grupo-clase.
- Coordinar e colaborar na organización e atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado, así como aos criterios de avaliación formativa.
- Fomentar a inclusión e participación do alumnado na dinámica do centro, favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento das normas básicas de convivencia.
- Favorecer a comunicación co alumnado e as súas familias, nos ámbitos individuais e grupais.
- Asesorar ao equipo directivo e aos equipos docentes en temas de avaliación, promoción...
- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais, mediante programas de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsables.
- Colaborar cos servicios de orientación do ámbito educativo.

4.-Metodoloxía.

O obxectivo principal do departamento será contribuir a mellorar a calidade do ensino no centro; así que a estratexia fundamental será a colaboración plena e total cos/as titores/as, co fin de que a cada alumno/a chegue á oferta educativa máis axeitada ás súas características.

A metodoloxía empregada estará baseada nun enfoque cooperativo, nos que todos os membros da comunidade poidan expresarse e facer propostas; partindo do debate para chegar á resolución conxunta dos diferentes temas.

A intervención será principalmente enfocada á prevención e ao desenvolvemento das capacidades individuais. Para atender os casos puntuais de NEAE realizaranse intervencións específicas, ambas complementarias e non excluíntes.

5.- Descrición das liñas de actuación prioritaria, medidas e programas para a atención á diversidade:

5.1. Medidas preventivas

1. Aplicación dunha avaliación inicial, colaborando co mestre titor/a, aos alumnos que acoden ao centro por primeira vez e que presenten algún tipo de dificultade específica, cuxos resultados estarán a disposición do equipo docente que corresponda (*1º trimestre*).
2. Asesoramento e colaboración coas titorías de 3º e 4º de E.P. para mellorar a expresión escrita e comprensión lectora (*2º e 3º trimestre*).
3. Asesoramento e colaboración cos titores/as de 5º e 6º de EP para traballar técnicas de estudo que melloren o rendemento e o proceso de estudo (*2º e 3º trimestre*) e mellorar a comprensión lectora.
4. Asesoramento e colaboración cos titores/as de E.P. para traballar contidos actitudinais e temas transversais relacionados coa educación en valores.
5. Colaboración activa na elaboración e desenvolvemento do proxecto anual do centro (os xogos).

5.2. Medidas destinadas ao alumnado NEAE

1. Identificación das potencialidades e as dificultades do alumnado con NEAE.
2. Determinación das pautas de actuación para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe.

3. Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, especialmente daquel con necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais (de ser o caso) ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
4. Asesoramento e colaboración co profesorado que se faga responsable das actividades de apoio.
5. Valoración global trimestral dos casos de NEAE .
6. Asesoramento na avaliación do alumnado con NEAE .

No presente curso, a aplicación de MAD verase condicionada pola non cobertura por parte da Consellería da redución de horas lectivas resultantes da aplicación do acordo de redución de 25 a 23 horas lectivas do persoal docente asinado entre a Consellería e diversas organización sindicais (Resolución do 10 de xaneiro de 2024). En concreto, non será posible adoptar as seguintes medidas que se viñan adoptando en anteriores cursos:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. No presente curso o centro non conta con banco de horas de dispoñibilidade horaria.
- *Adecuación da estrutura horaria con desdoblamento entre as áreas troncais e especialidades nos grupos máis numerosos que escolarizan alumnado con Necesidades Educativas Especiais.*

6.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.

Os recursos empregados para a posta en marcha das distintas actividades poden ser de tres tipos:

6.1. Humanos.

- Xefa do Departamento de Orientación.
- 1 mestra especialista en PT.
- 1 mestra especialista en audición e linguaxe con praza preferente.
- 1 ATE.
- EOE.
- Institucións e persoal de intervencións externas (fisioteraputas, neurólogos/as, pediatras, pedagogos/as, SAT...) que poidan asesorar e mellorar a calidade da aprendizaxe.

6.2. Materiais.

- Concreccións Curriculares.
- Proxecto Educativo do Centro.
- Programación Xeral Anual.
- Lexislación vixente.
- Escalas de observación e probas psicopedagóxicas.
- Programas informáticos.
- Material escolar.
- Local, mobiliario e material adaptado.

6.3. Organizativos.

- Aula ordinaria.
- Aula PT.
- Aula AL.
- Intervencións individualizadas.
- Intervencións grupais.

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

Ademais das funcións establecidas no Plan de Acción Titorial, destacamos como eixo vertebrador deste programa as actuacións levadas a cabo polas mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe así como daqueles mestres que realizarán funcións de apoio nas horas de dispoñibilidade horaria, polo momento non dispoñibles no presente curso.

7.1. Actuación do Profesorado de Apoio.

7.1.1. Obxectivos Xerais.

- Apoiar aos alumnos e alumnas que presenten Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- Fomentar a inclusión dos alumnos con Necesidade Específica de Apoio Educativo no seu grupo e no centro.
- Favorecer a mellora das relacións sociais e a autoestima do alumnado.

7.1.2. Obxectivos Específicos.

- Participar na elaboración e desenvolvemento das diversas medidas de apoio que se establezan para a atención da diversidade, como membros do D.O.
- Colaborar co profesorado das distintas áreas no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos e alumnas que teñen Necesidade Específica de Apoio Educativo, especialmente nas materias instrumentais.
- Aportar materiais adaptados ás necesidades do alumnado que presenta Necesidade Específica de Apoio Educativo.

7.1.3. Liñas Prioritarias de Actuación.

- Coordinar a atención á diversidade.
- Participar na avaliación inicial do alumnado.
- Colaborar na proposta organizativa para a atención do alumnado que presente Necesidade Específica de Apoio Educativo e na avaliación inicial dos mesmos.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individualizadas, así como as medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar ao profesorado sobre material adaptado ás necesidades educativas do alumnado.
- Prestarlle atención directa ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo no grupo clase ou nas aulas específicas.

Do mesmo xeito, será importante o apoio prestado dende o Departamento de Orientación para que a planificación adquiera un sentido global e coordinado. Destacamos neste aspecto a composición do Departamento de Orientación e as súas funcións.

7.2. Departamento de Orientación.

7.2.1. Composición.

Ester Vázquez Blanco (Xefa do Departamento)
Laura Noya Conde (mestra PT)
Cristina Trillo Grille (mestra AL)
Bibiana Saborido Lago (coordinadora de EI)
Yolanda Rodríguez Fernández (coordinadora de 1º ciclo EP)
Vicente Eliseo Fernández Riádigo (coordinador de 2º ciclo EP)
María Novo Cutrín (coordinadora de 3º ciclo EP e xefa de estudos).

7.2.2 Reunións.

7.2.2.1 Reunións cos/as compoñentes do CEIP

As reunións do DO están previstas para o primeiro luns de mes ás 16:30h. da tarde. A asistencia é obrigatoria. Este horario pode variar en función das necesidades que xurdan ao longo do curso.

7.2.2.2 Reunións coa xefa do DO do IES

A orientadora asistirá ás reunións ás que sexa convocada pola xefa do DO do IES ao que estamos adscritos. Colabórase co DO do IES. En todos os aspectos necesarios, especialmente naqueles que afectan á transición do alumnado do centro á etapa de ESO.

7.2.3. Funcións do Departamento de Orientación.

Recollidas do artigo 10 da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31 de xullo de 1998):

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación dos alumnos e alumnas do seu entorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. De acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado conforme o que establece no artigo 13º da presente Orde e da comisión de coordinación pedagóxica do centro, elaborar as propostas do plan de orientación académica e de madurez vocacional e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
3. Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.

5. Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
7. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
8. Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
9. Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promove-la cooperación entre o centro e as familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses, adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
10. Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
11. Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

7.2.4. Funcións da Xefatura do Departamento de Orientación.

Recollidas no artigo 11 da *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998* (DOG 31 de xullo de 1998):

1. Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento de orientación.
2. Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
3. Representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

4. Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar levantando a acta correspondente.
5. Asistir ás reunións convocadas polo xefe ou xefa do departamento de orientación do instituto de educación secundaria ó que está adscrito.
6. Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
7. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
8. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, se é o caso, da elaboración do informe psicopedagóxico.
9. Coordinar, en colaboración cos profesores ou profesoras de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
10. Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
11. Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

8.- Canles de colaboración cos pais, nais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

Destacamos como prioritarios neste apartado os seguintes aspectos:

- Fomento de relacións con outros equipos e centros de recursos da Consellería de Educación.
- Información aos pais e nais do alumnado con NEAE.
- Fomento de relacións con outras institucións que traballen co alumnado con NEAE.
- Establecemento de comunicacións e colaboracións con outras institucións, organismos e asociacións.
- Promoción da cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- Atención ás consultas e demandas das familias.

- Asistencia as reunións convocadas pola Xefa do DO do IES ao que estamos adscritos.
- Información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.

8.1. Principais servizos externos ao centro.

Ademais das posibles coordinacións que poidan darse ao longo do curso, destacamos certas institucións coas que vimos colaborando en cursos anteriores:

- Equipo de Orientación Específico.
- Servicio de pediatría do concello.
- Servizos sociais do concello.
- Unidade de saúde mental infato-xuvenil do Hospital Virxe da Xunqueira.
- Servicio de Atención Temperá da Costa da Morte.
- Down Compostela.
- Diversas asociacións de familias de alumnado con discapacidade da costa da Morte (Misela, Paseniño, Aloumiños).
- Diferentes gabinetes e profesionais de psicoloxía e terapia da contorna (Komunikate, Impulso).
- ASPANAES.

8.2. IES Lamas de Castelo.

Resaltamos este centro de xeito especial xa que é o centro de educación secundaria ao que estamos adscritos. Estableceremos reunións de coordinación a través do DO cando menos unha vez por trimestre así como cada vez que sexamos convocados pola xefa do D.O.

De igual xeito que con outras institucións, levaranse a cabo coordinacións e intercambios de información cada vez que sexa preciso.

9. Proceso de seguimento e avaliación do Plan

Para propoñernos unhas accións prioritarias e poder constatar cal é o seu grao de consecución, é necesario levar a cabo un proceso de avaliación.

O Plan do Departamento someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. O conxunto de feedbacks recollidos serán imprescindibles para valorar a súa validez a

medio e longo prazo. O seguimento continuo terá lugar nas diferentes reunións que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e na memoria anual.

Esta concepción avaliadora implica a adopción dunha serie de criterios que sexan guía e marco de referencia:

- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Nivel de consenso acadado en torno ás propostas realizadas.
- Grao de integración das actividades do DO na dinámica xeral do centro.
- Grao de organización e desenvolvemento do proceso de identificación, seguimento e avaliación do alumnado.
- Grao de implicación do EOE, do equipo directivo e do resto de profesores.
- Grao de coordinación e colaboración con outras institucións implicadas no proceso educativo do alumnado con NEAE.
- Grao de implicación e participación das persoas implicadas.
- Grao de adecuación das actividades programadas realizadas.
- Grao de adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- Grao de implicación e colaboración das familias.
- Conclusións e propostas de mellora.

Os instrumentos que empregaremos para a avaliación serán variados e flexibles, como poden ser os debates, as observacións, a análise das tarefas, as entrevistas... Ira-se recollendo información e suxerencias que permitan reorientar o plan durante o proceso ou, no seu defecto, servirán de punto de partida para a planificación do vindeiro plan de orientación.

ANEXO I DO PLAN XERAL ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**PLAN DE INTERVENCIÓN DE PT/AL****CEIP CARNOTA****CURSO 2024/2025****ÍNDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE PT/AL NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA, E NO D.O.**
- 2. ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISAN APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT/AL E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN.**
- 3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN.**
- 4. COMPETENCIAS CLAVE.**
- 5. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN DOS APOIOS DE AL/PT PARA O ACTUAL O CURSO NO CENTRO E PRIORIDADE.**
- 6. CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA.**
- 7. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROBLEMA.**
- 8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.**
- 9. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O., E RELACIÓN COAS FAMILIAS.**
- 10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN QUE SE LEVARÁN A CABO EN CADA AULA.**
- 11. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA CADA ALUMNO/A**
- 12. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
- 13. INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE PT/AL NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA, E NO D.O.

Tal e como se recolle no PXAD e na programación anual do Departamento de Orientación e na P.X.A, potenciarase o máximo desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a, atendendo á súa diversidade e aos principios fundamentais de inclusión e normalización.

Os centros educativos debemos dar resposta á diversidade do noso alumnado cunha serie de medidas de carácter organizativo e curricular, ordinarias e extraordinarias.

O *Decreto 229/2011* (atención á diversidade) contempla o apoio por parte das persoas especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe enmarcado dentro das medidas de carácter extraordinario, tendo que ser esgotadas polo tanto previamente as ordinarias.

Neste documento recolleemos as actuacións que levaremos a cabo ditas profesionais no CEIP de Carnota. (Remitímonos á contextualización do centro establecida no Proxecto Educativo e na PXA).

Durante o presente curso contamos cunha profesional de pedagogía terapéutica e unha de audición e linguaxe a tempo completo. A orientación é compartida co CEIP do Pindo.

2. ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISAN APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT/AL E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN.

ESCOLARIZACIÓN CURSO 24/25	DIAGNÓSTICO (OU APROXIMA- CIÓN DIAGNÓSTICA)	Discapaci- dade %
Etapa e nivel		
5ª EI	Retraso na linguaxe	
6º EI	TEA	
1º EP	Trastorno da linguaxe expresiva	



1º EP	Trastorno expresivo da fala	
1º EP	Trastorno expresivo da fala	
1º EP	Mutismo selectivo co rol docente	
2º EP	TEL	33,00%
2º EP	TEA.SERGAS	33 %
2º EP	Dificultades de aprendizaxe e atencionais	
2º EP	Dificultades de aprendizaxe e atencionais	
3º EP	Retraso global do desenvolvemento. SERGAS.	36%
3º EP	Dificultades de aprendizaxe e atencionais	
4ºEP	TDA e dificultades linguaxe.	
4º EP	Incorporación tardía (Suíza)	
4º EP	Incorporación tardía (Perú)	
5º EP	TDAH. Dislexia.	
5º EP	Dislexia.	



5° EP	Trazos disléxicos.	
6° EP	Vulnerabilidade socioeducativa. Servizos sociais.	
6° EP	TDAH + trazos disléxicos. Exención galego (Cataluña).	
6° EP	Vulnerabilidade socioeducativa. Servizos sociais.	

3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN.

Os obxectivos a traballar no programa xeral de intervención establécense en función das necesidades individuais de cada alumno/a procurando a máxima coordinación cos titores/as, equipos docentes, auxiliar técnico educativo e entidades externas.

Obxectivos xerais:

- Dar unha resposta educativa axeitada a cada alumno/a que lle permita seguir o currículo ordinario na medida das súas posibilidades.
- Priorizar as aprendizaxes básicas instrumentais (lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas...), así coma as aprendizaxes básicas funcionais que lles permita vivir nunha situación o mais normalizada e autónoma posible.
- Contribuír ao desenvolvemento dos prerrequisitos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- Fomentar o traballo cooperativo cos distintos membros da comunidade educativa co fin de favorecer a inclusión do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a estimulación multisensorial (**Áreas perceptivas**).
- Interpretar a realidade do paso do tempo a través da discriminación dos conceptos temporais. (**Percepción temporal**).
- Asimilar a linguaxe e utilizala de xeito comprensivo (**Comprensión verbal**).
- Captar relacións e ideas na linguaxe e expresalas no uso do mesmo (**Razoamento verbal**).
- Ler correctamente de xeito mecánico e comprensivo (**Lectura**).
- Escribir correctamente e usar a escritura como medio de comunicación (**Escritura**).
- Asimilar e usar os conceptos básicos de cantidade e número (**Conceptos básicos numéricos**).
- Resolver operacións aritméticas e usalas de xeito comprensivo (**Cálculo**).
- Integrarse e participar activamente no grupo social (**Área Social**).

4. COMPETENCIAS CLAVE

Dende as especialidades de PT e AL contribuimos ao desenvolvemento das competencias clave no noso alumnado da seguinte maneira:

1. Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario e gramática.
- Adquirir relación cós demais a través da linguaxe.
- Saber empregar fórmulas comunicativas axeitadas a cada situación.
- Traballar expresión oral e escrita.
- Adquirir un sistema aumentativo ou alternativo de comunicación que permita ao alumnado expresar as súas necesidades e intereses en diferentes situacións da vida diaria.

2. Competencia matemática, competencia básica en ciencia e tecnoloxía

- Empregar o razoamento matemático para solucionar e interpretar diferentes situacións xeneralizando estas habilidades na vida cotiá.
- Coñecementos sobre os números, as medidas, operacións e as representacións matemáticas.
- Empregar recursos tecnolóxicos para favorecer o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

3. Competencia de aprender a aprender

- Axustar tempos e métodos no proceso de aprendizaxe para favorecer a adquisición significativa de contidos e a autonomía.
- Empregar estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas.

4. Competencia social e cívica

- Adquirir habilidades e actitudes axeitadas para a convivencia.
- Mellorar o benestar individual e grupal.
- Adquirir técnicas de autocontrol e relaxación para corrixir condutas desadaptadas.

5. Competencia do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor

- Traballar actitudes e valores relacionados coa autoestima, autonomía, responsabilidade, motivación e creación.

6. Competencia en conciencia e expresións culturais

- Gozar das actividades relacionadas coas manifestacións culturais e artísticas propias.

7. Competencia dixital

- Emprego de aplicacións informáticas para fomentar a autonomía na realización de actividades e xogos.
- Iniciación do alumnado no emprego de aplicacións como sistemas de comunicación.
- Uso de actividades e xogos informáticos que proxectados sobre a pizarra dixital nos permiten traballar a estimulación multisensorial.

5. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN DOS APOIOS DE AL/PT PARA O ACTUAL CURSO E PRIORIDADE

A prioridade en canto ao apoio PT e AL tanto dentro como fóra da aula tena o alumnado con necesidades educativas especiais permanentes con diagnóstico clínico.

En segundo lugar, a prioridade será para ao alumnado con ACS.

En terceiro lugar, para nenos e nenas con informe da avaliación psicopedagóxica do D.O. ou doutro centro externo.

En cuarto lugar o alumnado con dificultades de aprendizaxe en proceso de valoración por parte do D.O.

É moi posible que certos apoios teñan que ser ofrecidos polo profesorado con liberalización horaria. Nese caso procurarase que na medida do posible sexa a mesma persoa con cada grupo.

6. CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA.

Nos seguintes horarios reflectimos a organización dos apoios nos diferentes espazos. Hai que concretar os seguintes aspectos:

Os apoios dentro de aula ordinaria son sesións grupais onde se intenta aproveitar ao máximo a dinámica grupal para desenvolver os apoios.

Nas sesións na aula de PT, a intervención é individualizada ou en pequeno grupo para incidir nas necesidades de cada un.

Na aula de AL, a intervención é individualizada ou en pequeno grupo.

Mestra de Pedagogía Terapéutica:

	L	M	M	X	V
	4º EP	3º EP	3º EP	3º EP/ 2º EP	3º EP
	2º EP	2º EP	2º EP/ 3º EP	2º EP	2º EP
	2º EP	2º EP	4º EP	6º EI	2º EP
	PELO 5º EI	PELO 5º EI	PELO 5º EI	PELO 5º EI	PELO 5º EI
	5º EP	1º EP	1º EP	6º EP	4º EP
	6º EP	LD	5º EP	1º EP	LD

Mestra de Audición e Linguaxe:

	L	M	M	X	V
	2º EP	4º EP	2º EP	2º EP	1º EP
	3º EP	3º EP	6º EI	3º EP	3º EP
			6º EI		
	3º EP/ 2º EP	2º EP	2º EP	2º EP	2º EP
	PELO 6º EI	PELO 6º EI	PELO 6º EI	PELO 6º EI	PELO 6º EI
	1º EP	5º EP	5º EI	4º EP	6º EI
					6º EI
	2º EP	6º EI	6º EI	2º EP	LD
		LD	LD		

7. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROGRAMA

Todos os programas desenvolvidos polas profesionais do Departamento de Orientación teñen un eixo común baseado na metodoloxía didáctica da LOMLOE. Buscamos deste xeito que todas as accións e procedementos das nosas intervencións sirvan para que alumnas e alumnos acaden os obxectivos marcados de maneira consciente, reflexiva e significativa e adquiren as competencias clave.

A nivel xeral, a selección e desenvolvemento das actividades e a súa avaliación farase de xeito coordinado entre o profesorado das áreas obxecto de adaptación e a mestra de PT-AL.

Terase en conta como criterio de selección e de elaboración de ditas actividades o axuste ao nivel de coñecementos previos e que estas sexan funcionais e significativas para o alumnado.

Verificarase sempre que o alumnado entendeu a información que se lle transmiteu.

O material a empregar será o mais atractivo posible para captar a súa atención.

Na aula ordinaria, a atención ao alumno será individualizada buscando pouco a pouco a súa autonomía na realización das actividades propostas. Unha vez practicada a actividade na aula PT-AL levarase á aula ordinaria, retirando de forma paulatina o apoio que necesita para executar a actividade.

Baseándonos nesta metodoloxía xeral, iremos concretando máis polo miúdo, as estratexias empregadas en cada programa tendo en conta as características individuais dos alumnos e alumnas que participan nos mesmos.

PROGRAMA	METODOLOXÍA
PROGRAMACIÓN XERAL	Principios metodolóxicos: Atención á diversidade. Intelixencias múltiples. Aprendizaxe significativo. Docente como modelo impulsor. Relación coas familias e o entorno.
PROGRAMACIÓN PT	Principios metodolóxicos: Atención a diversidade. Intelixencias múltiples. Aprendizaxe significativo. Docente como modelo impulsor. Relación coas familias e o entorno.
PROGRAMACIÓN AL	Metodoloxía participativa, activa e lúdica. Experiencial. Metodoloxía individualizada. Intervención interdisciplinar. Motivadora.
PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN	Metodoloxía participativa e activa. Metodoloxía individualizada. Estratexias de autonomía.

	<p>Adaptación de tempos, formas e instrumentos de avaliación.</p> <p>Intervención interdisciplinar (docentes, familias, persoal non docente, profesionais externos ao centro).</p>
PELO INFANTIL	<p>Metodoloxía participativa, activa e lúdica.</p> <p>Experiencial.</p> <p>Metodoloxía grupal.</p> <p>Intervención interdisciplinar.</p>

8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

ESPAZOS

A organización dos espazos está reflectida nos cadros do punto 6 deste Plan.

TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN DOS PROGRAMAS: A duración dos programas é anual. Cada trimestre farase unha análise do proceso e en función desta avaliación a duración pode variar.

TEMPORALIZACIÓN DAS SESIÓNS

SESIÓNS PT e AL	SESIÓN: 50 min MEDIA SESIÓN: 25 min
-----------------	--

RECURSOS

Recursos materiais: A meirande parte dos recursos materiais que se van a utilizar no proceso de aprendizaxe son elaborados polas mestras de PT e AL. Por exemplo: pictogramas, materiais de estimulación multisensorial, material de refugallo e adaptación de materiais da aula ordinaria ás necesidades do noso alumnado.

Recursos persoais:

- **Internos do centro,** coma son: Mestra de Pedagogía Terapéutica, Profesores/as tutores/as e especialistas, Coidadora, Departamento de Orientación, mestra de Audición e Linguaxe.

- **Servizos Externos ó centro:** Equipo de Orientación Específico, Servizo de Atención Temperá da Costa da Morte, Gabinete Logopédicos privados.

Recursos informáticos: O ordenador da aula, a tablet, a pizarra dixital, o proxector e softwares educativos da etapa de Educación Infantil e Primaria, adaptados ao nivel de competencia curricular dos alumnos/as.

Recursos de psicomotricidade: Colchonetas, pelotas de distintos tamaños e texturas (de goma, de tela), bloques de foam, aros de diversos tamaños, bicicleta estática, etc.

Recursos organizativos: Estableceranse reunións periódicas cos equipos docentes e coas familias para facer un seguimento e valoración do proceso de ensino e aprendizaxe. Tamén se usarán axendas bidireccionais para intercambiar información diaria ou transmitir calquera outro aspecto relevante a ter en conta tanto polo profesorado como polas familias.

Recursos para a estimulación multisensorial: xogos e xoguetes de diferentes texturas, panel táctil, instrumentos musicais, esencias, botellas sensoriais, sacos térmicos, planetario de xoguete, lámpadas proxectoras, etc.

Recursos AL: materiais para avaliación e materias de intervención (probas estandarizadas, lotos fonéticas, vocabulario en imaxes, ...).

9. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O., E RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Coordinación coas titorías: As que sexan precisas mediante pequenas reunións informais e outras convocadas.

Coordinación co D.O.: Unha vez á semana.

Reunións coas familias: Solicitud de cita (luns en horario de atención ás familias). Emprego de cadernos bidireccionais para compartir información relevante do alumnado de forma diaria.

10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN QUE SE LEVARÁN A CABO EN CADA AULA.

AULA PT	- Programas individualizados. - Programa de estimulación da linguaxe oral.
AULA AL	- Programas de intervención dificultades da fala e linguaxe.

	- Programas individualizados - Programa de estimulación da linguaxe oral.
AULA ORDINARIA	- Apoio en aula.

11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

RECURSOS DE AVALIACIÓN:

Segundo a **Santos Guerra**, a avaliación defínese como o *“proceso de diálogo, comprensión e análise e identificación”*.

Para levar a cabo a avaliación, utilizaremos tanto **técnicas cuantitativas como cualitativas**. Por exemplo:

- A observación (comportamentos, habilidades, dificultades).
- Revisión de materiais escolares (carpetas e cadernos individuais).
- Rexistro acumulativo de información relevante (Caderno da mestra, caderno viaxeiro).
- Rexistro de incidencias.
- Axendas personalizadas.

Na avaliación podemos marcar as seguintes etapas:

1ª Avaliación Inicial ou diagnóstica: A través da mesma avalíanse as necesidades educativas do alumnado e tamén os recursos dispoñibles para dar resposta ás mesmas. Desta avaliación xurde o plan e os programas de intervención.

2ª Avaliación continua: A través da mesma avalíase o desenvolvemento do plan e dos programas e ten un carácter esencialmente formativo.

3ª Avaliación Final: Avaliamos o grao de cumprimento dos obxectivos propostos ao principio de curso.

12. INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Para o análise e avaliación dos programas deste plan de intervención teremos en conta os seguintes indicadores:

- A adecuación do plan e dos programas ás necesidades do centro, os resultados obtidos, a consecución dos obxectivos, así como as variables non previstas.

- O grao de satisfacción dos membros da comunidade educativa que colaboraron na implementación do plan.
- A participación e utilización dos recursos externos.
- A coherencia da nosa intervención coa liña de traballo e filosofía do D.O.

ANEXO XVI: ANÁLISE DOS RESULTADOS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA E PROPOSTAS DE MELLORA

INFORME DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA EN 4º EP

Da análise das táboas estatísticas remitidas pola Consellería despréndese que o alumnado de 4º de Primaria do CEIP Plurilingüe de Carnota se atopa nun nivel medio-alto en tódalas competencias valoradas (competencia lingüística en galego, castelán e inglés e competencia matemática) e, en tódolos casos, lixeiramente por enriba do índice dos centros do mesmo grupo ISEC.

Consideramos enormemente positivos estes resultados dado que un terzo do grupo teñen necesidade específica de apoio educativo vencellado a dificultades atencionais e/ou trastorno da competencia lectoescritora.

Descrición do seu desenvolvemento competencial:

Con respecto á competencia lingüística nas linguas maternas, o alumnado do grupo é capaz de identificar a idea principal dun texto, seleccionar ideas secundarias implícitas, deducir o significado de palabras polo contexto e seleccionar fontes fiables de información.

Na lingua inglesa, poden localizar e deducir información, así como comunicar ideas e reorganizar a información dun texto (competencia pragmática).

En canto á competencia matemática, recoñecen e manexan adecuadamente estratexias de resolución de problemas e poden extraer conclusións a partir dos resultados que obteñen.

Puntos fortes e febles:

Se ben en tódolos índices desglosados de competencia superan a media, atópase máis axustada, no ámbito lingüístico, a destreza de localizar e obter información e atopamos un punto forte en interpretar a mesma.

En lingua estranxeira, teñen maiores dificultades para realizar inferencias, manexando adecuadamente a información directa e explícita.

Na competencia matemática destaca a capacidade de razoamento, con maiores dificultades á hora de establecer conexións entre os diferentes elementos e contidos do currículo matemático.

Propostas de intervención:

- Desenvolver propostas de mellora dos puntos máis febles detectados en cada ámbito de competencia.
- Adaptar as propostas didácticas ao nivel de desenvolvemento competencial que amosa o grupo nas diferentes materias.
- Realizar adaptacións e axustes individualizados para promover un nivel máis homoxéneo de desenvolvemento competencial na aula. Xerar experiencias de aprendizaxe axeitadas ás características personalizadas de cada alumno.